

UNIDADE DIDÁCTICA

O estatuto de
autonomía de Galicia

Educación Secundaria Obrigatoria
Bacharelato

XUNTA DE GALICIA

UNIDADE DIDÁCTICA

O Estatuto de Autonomía de Galicia

Manuel Grande Rodríguez

Montserrat Delgado Borrajo

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Santiago de Compostela

2021

UNIDADE DIDÁCTICA

O estatuto de
autonomía de Galicia

Educación Secundaria Obrigatoria

Táboa de contidos

Contextualización	5
Secuencia didáctica	14
Anexos.....	22
Caderno de traballo	34
Actividades	43



Contextualización

CICLO: ESO | CURSOS: 1º - 2º - 3º - 4º | NÚMERO DE SESIÓNS: 3

Xustificación

A Constitución Española de 1978 recoñece o dereito das nacionalidades e das rexións que integran o Estado a organizarse en comunidades autónomas. Cada unha delas, sen deixar de formar parte do Estado español, conta coas súas propias leis e institucións.

No caso de Galicia, o Estatuto de Autonomía foi promulgado o 6 de abril de 1981 como Lei Orgánica 1/1981, polo que agora cúmprense 40 anos da existencia deste. Foi un proceso laborioso e complexo que deu como resultado un modelo descentralizado no que os servizos públicos deben ofrecérselle á cidadanía en 3 niveis:

- Nos municipios, en primeira instancia.
- Nas deputacións provinciais, en segundo lugar.
- E na Comunidade Autónoma no 3º chanzo, antes da intervención do Estado (4ª instancia).

A súa vez, o Estatuto de Autonomía recolle os principais dereitos e deberes da cidadanía dese territorio e as institucións de goberno que rexen a vida desta, mantendo a división de poderes estatal e constitucional:

- **Legislativo:** referido ao Parlamento de Galicia, elixido por sufraxio universal, elabora leis, controla o goberno autonómico e aproba os orzamentos deste.
- **Executivo:** liderado polo/a presidente/a autonómico/a, elixido polo Parlamento autonómico que dirixe o goberno coa axuda duns conselleiros e dunhas conselleiras.
- **Xudicial:** formado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Polo tanto, debemos procurar transmitirle ao alumnado os coñecementos sobre as bases e consecuencias do Estatuto de Autonomía, para así converterse no futuro en cidadáns e cidadás conscientes da súa realidade política e administrativa e que poidan exercer os seus dereitos e cumprir cos seus deberes de forma plenamente responsable.

Alumnado destinatario

Esta unidade didáctica está orientada ao alumnado da educación secundaria obrigatoria (ESO) en xeral, de 1º, 2º, 3º e 4º. Está plenamente conectada cos cursos de 3º e 4º sobre todo, xa que de maneira específica nos currículos da materia de Xeografía e Historia hai varios contidos que tratan a *Organización política e territorial de España e Galicia*, tanto desde unha perspectiva espacial como histórica.

Tamén se pode integrar naqueles centros onde se imparte a materia de libre configuración autonómica “Valores democráticos europeos” en 1º ou 2º da ESO, ou materias de libre configuración de centro de similar temática e orientación.

Temporalización

A previsión é dedicarlle 3 sesións a esta unidade de traballo, aínda que se podería estender a algunha máis, se fose posible realizar certas actividades complementarias (e en función do curso e do grao de profundidade coa que queiran abordarse os contidos).

Dentro da proposta xa se inclúe o apartado de consolidación e avaliación (que pode abordarse en media sesión).

Integración curricular

Esta proposta didáctica, ademais de traballar de xeito transversal diferentes contidos, tanto relativos a conceptos e procedementos como ao desenvolvemento de valores, aborda os elementos prescritivos do currículo referenciados no Caderno Anexo para cada un dos cursos.

7

Competencias clave

Entre as competencias que aborda esta unidade didáctica (UD en diante) atópanse varias das desenvolvidas na lexislación educativa, así como nas recomendacións europeas para a educación secundaria. As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía como condición indispensable para lograr que todas as persoas alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posible o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As actividades de aprendizaxe propostas nesta UD están en liña con este compromiso de fomento dunha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, co obxectivo de que o alumnado poida avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Ademais, afondan na recomendación de que as competencias se desenvolvan nos ámbitos da educación formal, non formal e informal ao longo da educación secundaria obrigatoria –así como tamén, aínda que non atinxa a esta proposta, no bacharelato e na educación permanente ao longo de toda a vida–.

As competencias integran coñecementos (saber), habilidades operativas (saber facer) e actitudes (posicionarse afectiva e persoalmente ante o que se está a traballar). Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible, resulta indispensable unha comprensión do coñecemento presente nas competencias e a vinculación deste coas habilidades prácticas ou destrezas que as integran.

Polo tanto, resulta esencial que as habilidades, actitudes e coñecementos adquiridos nesta UD se relacionen cos contidos e poidan ser usados de maneira efectiva en diferentes situacións e contextos.

Comunicación lingüística	Comprensión Lectora	Textos da unidade didáctica. Lectura de apartados do Estatuto de Autonomía.
	Expresión oral e escrita	Interpretación das imaxes da unidade didáctica. Contraste de opinións persoais co resto dos/das compañeiros/as sobre os dereitos e deberes da cidadanía e o Estado das Autonomías.
	Comunicación Audiovisual	Interacción coas ligazóns de Internet presentes na unidade didáctica e busca de información na rede.
Matemática e CCT	Observación e comparación de mapas temáticos, gráficas e información estatística sobre a aprobación do Estatuto de Autonomía, habitantes, densidade, etc. Datos estatísticos sobre os orzamentos de Galicia.	
Sentido Emprendedor	Os fondos e investimentos de Galicia e das Deputacións Provinciais.	
TIC e competencia dixital	Traballo dixital sobre apartados do Estatuto de Autonomía de Galicia. Visita ás páxinas oficiais das institucións da Xunta de Galicia.	
Social e cívica	Os valores da democracia na construción do Estado das Autonomías. Cidadanía europea e convivencia multicultural.	
Aprender a aprender	Exercicios de reflexión e habilidades sobre os dereitos e deberes recollidos no Estatuto de Autonomía de Galicia.	
Conciencia e expresión cultural	Tradición histórica e cultural de Galicia. O Estatuto histórico de Galicia e a conformación das "Nacionalidades Históricas" en España. España como crisol de civilizacións e achegas futuras.	

Todo o sinalado anteriormente, resúmese en dous obxectivos principais:

- Proporcionarlle ao alumnado a capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos aos problemas da vida, modificándoos segundo o contexto.
- Ensinarlle a escoitar criticamente para seguir aprendendo ao longo da vida.

Para iso búscase unha execución práctica desta UD que integre coñecementos, procedementos e actitudes e os relacione co día a día do alumno ou alumna, de xeito que aprecie a utilidade da aprendizaxe regrada na vida. Para iso, buscarase a adaptación de todos os contidos ás capacidades de cada persoa, de xeito que poida interiorizar de xeito efectivo e real os conceptos clave da UD: comprensión do que é a democracia e como funcionan as estruturas democráticas.

Neste caso, ao abordar o Estatuto de Autonomía e a Comunidade Autónoma de Galicia, o alumnado formarase nos valores democráticos comúns (diálogo, noción do ben común, o respecto por un mesmo ou mesma e as demais persoas, a tolerancia, os dereitos e responsabilidades individuais, a xustiza...) que avoguen pola súa cidadanía activa no futuro inmediato.

Obxectivos

Xerais:

- Establecer a relación política, legal e administrativa entre o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución Española; entre o Parlamento e os poderes executivo e xudicial; entre o Parlamento e os Concellos.
- Conectar a escola coa realidade política e social a través do coñecemento da historia de Galicia, as súas institucións e o funcionamento socio-político.
- Aprender a buscar fontes e contrastar a información.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías e dos múltiples recursos dispoñibles na sociedade actual para obter información fiable e potenciar o seu uso responsable.
- Promocionar o traballo cooperativo e colaborativo.

Específicos:

- Coñecer que é un estatuto de autonomía e a importancia que ten para o funcionamento dun Estado moderno.
- Valorar o proceso de aprobación da Constitución española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia, afondando no seu contexto sociopolítico.
- Analizar as claves e os contidos principais deste Estatuto.
- Comprender a división dos poderes do Estado (poder lexislativo, executivo e xudicial) e cales son as atribucións recollidas no Estatuto de Autonomía para cadaquén.
- Describir a organización territorial de Galicia, distinguindo a administración municipal, provincial e autonómica, así como as súas atribucións administrativas.
- Distinguir as características territoriais, demográficas e económicas que teñen as distintas autonomías.
- Recoñecer os desequilibrios socioeconómicos que existen entre as autonomías e entre as provincias e entender a solidariedade das rexións como parte da convivencia e responsabilidade.

Valores transversais e co-educación:

- Fomentar o interese pola historia da autonomía e as institucións galegas.
- Valorar a función do Estatuto de Autonomía como instrumento fundamental para o desenvolvemento democrático do noso país.
- Coñecer a realidade social e política da nosa contorna e tomar consciencia do noso papel na sociedade.

Contidos transversais

- Valoración do proceso de construción europea como un logro histórico.
- Recoñecemento da importancia das institucións supranacionais das que se dotou a Unión Europea.
- Disposición favorable á conservación do patrimonio comunitario.

- Interese por coñecer outros territorios, países e sociedades distintas á propia.
- Fomento de hábitos democráticos.
- Aprecio da singularidade dos espazos ambientais protexidos pola UE.
- Xuízo crítico sobre as iniciativas europeas (programas Erasmus, Galileo, Capitais Culturais, etc.).

Metodoloxía

A metodoloxía de traballo será a de aprendizaxe activa, baseada no descubrimento, na capacidade de aprendizaxe autónoma (traballo en metacognición) e no desenvolvemento de habilidades para a vida. Para isto combinarase o traballo individual co traballo en equipo de 4 a 6 alumnos/as, que irán avanzando sobre as actividades propostas.

O profesorado exercerá un papel de guía-acompañante no proceso educativo na procura do desenvolvemento, por parte do alumnado, de habilidades e estratexias de exercicio da cidadanía activa e responsable. Poderanse completar todas as actividades ou só as escollidas polo docente. Establécese unha proposta didáctica que contará con tres fases:

- Unha fase previa que abordará os coñecementos previos sobre o Estatuto de Autonomía e as institucións da nosa Comunidade Autónoma, así como a súa importancia na conformación política e territorial desta.
- Unha fase de desenvolvemento onde se analizará o proceso histórico da creación do Estatuto de Autonomía e as súas características e competencias.
- Unha fase posterior de recapitulación e avaliación na aula.

Nesta unidade didáctica tamén presentamos un **Caderno de traballo** anexo no cal xa se resumen os principais contidos desta unidade e propóñense unha serie de actividades para traballar, con carácter orientativo e sempre baixo a supervisión dun profesor/a ou orientador/a, que desenvolverá o traballo segundo as necesidades e características propias de cada aula ou grupo.

Adaptación por niveis de competencia

Entendendo a diversidade como unha das bases da educación presente e futura, deseñamos esta unidade de xeito flexible, entendendo distintos ritmos para o alumnado. Ademais da obvia

adaptación dos contidos a un grupo/clase diverso, presentamos 3 opcións para abordar as tarefas segundo o nivel do alumnado:

- Nivel avanzado: debe completar todas as actividades e facer consultas de ampliación nas webs recomendadas.
- Nivel intermedio: debe completar as actividades de referencia ou marcadas pola persoa docente, facendo buscas nas webs recomendadas.
- Nivel con dificultades: debe completar só as actividades recomendadas no dossier (1, 2, 4, 7 e 9) ou marcadas pola persoa docente, apoiándose nas webs recomendadas.

Escenarios posibles

O tratamento desta unidade didáctica e os seus contidos poden ser referidos dentro da secuencia didáctica habitual que cada docente segue na aula ao relacionarse con numerosos contidos e estándares de aprendizaxe do currículo oficial, como se detalla posteriormente.

Se non, pode ser aplicada a modo de introdución ou conclusión dalgún dos trimestres do curso, traballando outros criterios de avaliación ou estándares adaptados á secuencia didáctica de cada docente.

Organización

- Establecer equipos de traballo de entre 4 e 6 alumnos/as.
- Fixar hábitos de traballo: como responder as actividades presentadas, comprender a finalidade dos seus apartados...
- Traballar na aula con atlas e mapas políticos, dicionarios...
- Buscar información na Internet sobre os aspectos estudados na unidade.
- Visualizar imaxes ou vídeos sobre aspectos tratados na unidade.
- Buscar información (institucional, xornalística, etc.) para poder afondar nos contidos que se van tratar no tema.

Instalacións, equipamentos e recursos

- Material descargable en PDF achegado polo profesorado e anexo a esta unidade didáctica.
- Ligazóns á web con recursos didácticos axeitados.
- Imaxes da Unidade: elaboración propia ou procedentes do banco de imaxes de:
- https://commons.wikimedia.org/wiki/Main_Page



Secuencia didáctica

Sesión 1

Estratexia didáctica

1. Conectamos cos coñecementos previos.
2. Ideas-explicacións máis estables de relación pluricausal.

Desenvolvemento de contidos

1. Que é un estatuto de autonomía?
2. A Historia do Estatuto de Autonomía de Galicia.
 - O obxectivo deste apartado, é coñecer o Estatuto de Autonomía de Galicia e as súas competencias.
 - En primeiro lugar, leremos o texto do apartado 1 e 2 e explicarlé ao alumnado que:
 - » É a Constitución a que define as institucións políticas sobre as que se basea o autogoberno.
 - » Describe cales son os poderes da Comunidade.
 - » Establece as relacións co Estado español e coas outras CC.AA
 - » O Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado en 1981, polo dereito que lle outorgaba a Constitución Española.
 - Para reforzar estas ideas, leremos o texto cos primeiros artigos do Estatuto de Autonomía de Galicia e responderemos as cuestións que o acompañan.
 - Cerraremos o apartado, sinalando o cartel que alentou ao voto nos referendos dos Estatutos da nosa Comunidade e descifraremos que sabe o alumnado deste.
3. Que poderes e órganos define e cales son as súas funcións?
4. A organización xerárquica interna de Galicia segundo o seu Estatuto.

Actividades

- **Actividade 1:** Chuvia de ideas.

Lectura pautada: Caderno de traballo anexo do alumnado apartados 1 e 2.

- **Actividade 2:** Organización territorial de España.
- **Actividade 3:** Análise do cartel do referendo de 1936 "Estatuto de Galicia SI".

Lectura pautada: Caderno de traballo anexo do alumnado apartados 1 e 2.

Sesión 2

Estratexia didáctica

3. Desenvolvemento do problema: traballamos na pluricausalidade.

Desenvolvemento de contidos

A finalidade deste apartado é coñecer cales son as institucións de autogoberno de Galicia, e como exercen o seu poder para xestionar política e administrativamente a nosa Comunidade.

Leremos os apartados 3 e 4 do Caderno e releremos o Estatuto de Autonomía. Anotaremos no encerado as institucións para poder reforzalas logo coas explicacións pertinentes e os exercicios deseñados.

Preguntarémolles que saben sobre:

- O Parlamento.
- A Xunta de Galicia e o/a seu/súa presidente/a.
- O Tribunal Superior de Xustiza.
- O Valedor ou Valedora do Pobo.

A medida que os describamos, aproveitaremos para ir abordando os exercicios correspondentes a este apartado.

Tamén citaremos as funcións que se desenvolven nas Consellerías da Xunta de Galicia, mediante a ligazón á web recomendada e os propios apuntamentos do Caderno de traballo.

Para finalizar, os alumnos e as alumnas realizarán as actividades do Caderno de traballo deste apartado.

Actividades

- **Actividade 4:** Que sabes de...?
- **Actividade 5:** Como se organizan e elixen as nosas institucións autonómicas?
- **Actividade 6:** Funcións de cada institución autonómica.

Busca de Información: Webs referenciadas no anexo.

Sesión 3

Estratexia didáctica

4. Fin do problema e recapitulación: Revisión das interrogantes iniciais e sistematizar o aprendido.

Desenvolvemento de contidos

- Investigando no Estatuto
- Conclusións: dun fito histórico á transcendencia do Estatuto de Autonomía.
- Avaliación: balance da Autonomía de Galicia.

Na derradeira sesión é interesante que o alumnado acceda á información en páxinas e bibliotecas dixitais como as recomendadas no Caderno ou tipo Wikipedia. Neste caso, investigarán para atopar información sobre o Estatuto de Autonomía de Galicia, tanto dende o punto de vista histórico, como político-administrativo.

Para finalizar, os alumnos e as alumnas realizarán as actividades de repaso e autoavaliación do Caderno de traballo deste apartado.

Actividades

- **Busca de información na rede:** Consulta das ligazóns propostas no Caderno de traballo anexo ou referenciados polo profesor/a.
- **Repaso e autoavaliación** do aprendido:
- **Actividade 7:** Traballo colaborativo.
- **Actividade 8:** Completa a táboa e frases
- **Actividade 9:** Completa o mapa conceptual.

Actividades

De introdución e detección de coñecementos previos

- Chuvia de ideas sobre o Estatuto de Autonomía de Galicia e as súas competencias.
- Identificación nun mapa de España e de Galicia das comunidades autónomas e provincias, respectivamente.
- Análise de obras artísticas e produción visual para o seu estudo histórico e sociopolítico.

De afondamento e reforzo

- Análise de textos e traballo en equipo:

- » Estatuto de Autonomía de Galicia.
 - » Textos xornalísticos sobre a importancia do Estatuto de Autonomía de Galicia.
 - » Textos en páxinas web e blogs especializados.
- Completado de táboas de datos coas competencias e características das institucións galegas.

De desenvolvemento

- Definicións:
 - » Constitución.
 - » Estatuto de Autonomía.
 - » Deputación.
 - » Organización territorial.
- Confección dun mapa de Galicia coa actual organización territorial.
- Realización dun mapa conceptual sobre as institucións da Comunidade Autónoma de Galicia e as funcións destas segundo as directrices do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Avaliación

Procedemento de cualificación

A unidade didáctica deseñouse coa intención de formar parte da avaliación continua do curso ordinario. O profesorado, segundo a súa programación e a adaptación ao seu alumnado, asignará o valor que estime oportuno nesta proposta didáctica a cada unha das actividades –realizadas na súa totalidade ou só as escollidas– que poderán ser avaliadas segundo a rúbrica (a modo de proposta) interpretada segundo a idade e desenvolvemento do alumnado (ver táboas anexas).

A avaliación terá en conta os criterios establecidos no desenvolvemento das competencias e contidos, pero tamén a actitude e o interese tanto individual como cara ao traballo en grupo.

Propónse por tanto, unha avaliación continua. O profesorado, segundo a súa programación e a adaptación ao seu alumnado, asignará o valor que estime nesta proposta didáctica a cada unha

das actividades que poderán ser avaliadas segundo a seguinte rúbrica (a modo de proposta) interpretada segundo a idade e desenvolvemento do alumnado (ver táboa de rúbricas).

Avaliación do alumnado

- Instrumentos de cualificación:
 - » Actividades realizadas dentro da proposta desta Unidade Didáctica.
 - » Rúbricas relacionadas coas actividades propostas.

Avaliación da unidade didáctica e do proceso

- Criterios de avaliación:
 - » Coñecer a realidade política e administrativa de España e Galicia.
 - » Valorar o Estatuto de Autonomía de Galicia como un logro histórico e definir as consecuencias que provoca a súa aplicación.
 - » Identificar as competencias que posúe Galicia grazas ao seu Estatuto de Autonomía.

Actividades complementarias e extraescolares

Visita o teu concello e realiza unha investigación sobre o seu funcionamento mediante entrevistas aos seus membros.

O goberno da miña localidade. A través dunha visita ou mediante unha charla ou entrevista con persoas vinculadas ao concello da vosa localidade, poderás responder as diferentes cuestións que che formulamos.

- Que é un concello?
- Cales son as funcións principais de todo concello?
- Indica polo menos unha tarefa que realiza cada unha das seguintes persoas:

- » O alcalde/a alcaldesa:
- » O persoal de oficina:
- » Unha concelleira/un concelleiro:
- » A secretaria/o secretario:
- » A policía municipal:
- » Un xardineiro/unha xardineira:
- » Un xuíz de paz/unha xuíza de paz:

Fomento da lectura

Proponse: Breve historia de Galicia, de Ramón Villares. Alianza editorial, ano 2004.

Fomento das TIC

21

- Actividades de afondamento e ampliación a través da busca de información e tratamento de textos na Rede, en webs ou blogs propostos.
- Visita ás páxinas web oficiais das distintas institucións galegas.
- Busca de información en páxinas de referencia contrastada.
- Uso de aplicacións diversas para a confección do dossier da actividade 7, así como outras de carácter gráfico ou expositivo para o tratamento da información (Mindomo, BubbleUS, Pinterest, Hp Reveal...).

Bibliografía

- **Blanco Valdés, R. L.:** *La construcción de la autonomía gallega 1981-2007*. Escola Galega de Administración Pública. Santiago de Compostela, 2008.
- **Bouzas Lorenzo, R.:** *La organización administrativa de la Xunta de Galicia: 20 años de autonomía*. Institut de Ciéncies Polítiques i Socials. Barcelona, 2004.



Anexos

Rúbricas

Actividade 1: chuva de ideas

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
O alumnado define de xeito preciso e completo e traslada información relevante e complementaria sobre as principais ideas achegadas.	O alumnado elabora definicións e ideas sinxelas pero completas que trasladan información relevante e complementaria sobre as principais ideas achegadas.	O alumnado elabora definicións e ideas básicas e ás veces incompletas que trasladan información relevante sobre as principais ideas achegadas.	O alumnado elabora definicións que non achegan suficiente información relevante sobre as principais ideas achegadas.

Actividade 2: mapa territorial España - Galicia

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Todas as respostas son claras, precisas e oportunas.	Case todas as respostas son claras, precisas e oportunas.	A maioría das respostas son claras, precisas e oportunas.	Poucas respostas son claras, precisas e oportunas.

Actividade 3: análise dun cartel electoral

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Describe correctamente a imaxe, identifica todos os seus símbolos, valora as intencións do seu autor e encádralo historicamente.	Describe correctamente a imaxe, identifica correctamente todos os seus símbolos pero non valora as intencións do seu autor/a nin o encadra historicamente.	Describe correctamente a imaxe, pero non identifica correctamente todos os seus símbolos. Tampouco valora as intencións do seu autor/a nin o encadra historicamente.	Non describe ben a imaxe, non identifica ningún símbolo e erra ao valorar as intencións do seu autor/a e encadrarlo historicamente.

Actividade 4: mapa territorial España - Galicia


Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
O alumnado elabora un resumo visual completo e clarificador que traslada información relevante (destacada) e complementaria (en segundo plano), de xeito visualmente atractivo.	O alumnado elabora un resumo visual completo e clarificador que traslada información relevante e complementaria.	O alumnado elabora un resumo visual simple pero clarificador que, sen deixar elementos importantes atrás, traslada a información máis relevante.	O alumnado elabora un resumo visual simple que é case un calco dos documentos achegados.

Actividade 5: como se organizan e elixen as nosas institucións autonómicas?

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Completa os exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 70%-60% dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 60% - 45% dos exercicios que se propoñen.	Realiza menos do 45% dos exercicios que se propoñen.
Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizada e coherentemente con resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, aínda que falta organización, e con resultado correcto.	Desenvolve o procedemento con resultado correcto.	Non desenvolve o procedemento, non o detalla e sen resultado correcto.

Actividade 6: funcións de cada institución autonómica

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Contén todos os aspectos importantes do tema, de forma clara e ordenada.	Contén un 70-60% dos aspectos importantes do tema, de forma clara e ordenada.	Contén un 60-45% aspectos importantes do tema, sen orde e claridade.	Contén menos dun 45% dos aspectos importantes do tema, sen orde e claridade.
Propón exemplos claros, significativos, incluíndo conceptos novos.	Propón exemplos, pero non todos están relacionados co tema.	Propón exemplos pouco axeitados.	Non propón exemplos.
Todos os conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 90-70% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 70-60% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 60-45% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.



Actividade 7: traballo colaborativo

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
O alumnado elabora un resumo visual completo e clarificador que traslada información relevante (destacada) e complementaria (en segundo plano), de xeito visualmente atractivo.	O alumnado elabora un resumo visual completo e clarificador que traslada información relevante e complementaria.	O alumnado elabora un resumo visual simple pero clarificador que, sen deixar elementos importantes atrás, traslada a información máis relevante.	O alumnado elabora un resumo visual simple que é case un calco dos documentos achegados.
O traballo está ben estruturado e cumpre os requisitos na súa totalidade.	O traballo está estruturado nun 70-60% e cumpre os requisitos de xeito satisfactorio.	O traballo está estruturado nun 60-45% e cumpre os requisitos de xeito simple.	O traballo non está estruturado.
O texto non presenta erros.	O texto ten entre 4-6 erros como máximo.	O texto ten entre 6-10 erros como máximo.	O texto ten máis de 10 erros.
Adáptase á perfección á extensión esixida.	Presenta 1 páxina máis do establecido.	Presenta 2 páxinas máis do establecido.	Presenta máis de 2 páxinas do establecido ou menos do requirido.
Adáptase á perfección ao contido esixido.	Un 70-60% do texto non ten relación co contido esixido.	Só algúns parágrafos fan alusión ao tema pedido.	Non se trata o tema pedido.
Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	Presenta ideas ambiguas ou con argumentos débiles.	Presenta ideas sen argumentar ou de xeito erróneo.	Non presenta ideas nin as argumenta.
O traballo presenta pulcritude e limpeza.	O traballo presenta varios riscos.	O traballo ten dobreces e algún risco.	O traballo ten moitos riscos e dobreces.
Realízase na data indicada.	Realízase a entrega con 2 días de atraso.	Realízase a entrega con 3 días de atraso.	Non se entrega ou con máis de 3 días de atraso.

Actividade 8: completa a táboa e as frases!

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Contén todos os aspectos importantes do tema, de forma clara e ordenada.	Contén un 70-60% de/dos aspectos importantes do tema, de forma clara e ordenada.	Contén un 60-45% de/dos aspectos importantes do tema, sen orde e claridade.	Contén menos dun 45% dos aspectos importantes do tema, sen orde e claridade.
Propón exemplos claros, significativos incluíndo conceptos novos.	Propón exemplos, pero non todos están relacionados co tema.	Propón exemplos pouco axeitados.	Non propón exemplos.
Todos os conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 90-70% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 70-60% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 60-45% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.

Actividade 9: completa o mapa conceptual

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Contén todos os aspectos importantes do tema, de forma clara e ordenada.	Contén un 70-60% de/dos aspectos importantes do tema, de forma clara e ordenada.	Contén un 60-45% de/dos aspectos importantes do tema, sen orde e claridade.	Contén menos dun 45% dos aspectos axeitados ao tema.
Todos os conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 70-60% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 60-45% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	Contén menos dun 45% dos conceptos axeitados ao tema.
Todos os conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 70-60% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 60-45% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	Non hai conexións axeitadas suficientes.

Gramática, ortografía e presentacións

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	Presenta ideas ben argumentadas pero con algún erro.	Presenta ideas ambiguas ou con argumentos débiles.	Presenta ideas sen argumentar ou de xeito erróneo.
As tarefas non presentan erros ortográficos.	As tarefas teñen entre 4-6 erros ortográficos como máximo.	As tarefas teñen entre 6-10 erros ortográficos como máximo.	As tarefas teñen máis de 10 erros ortográficos.
As tarefas presentan pulcritude e limpeza.	As tarefas presentan algunha dobrez e algún risco.	As tarefas presentan varias dobreces e algún risco.	As tarefas teñen moitas dobreces e varios riscos.

Do tratamento e uso das TIC

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Coñece e utiliza medios e contornas dixitais para comunicarse e/ou traballar de forma colaborativa, para apoiar a aprendizaxe individual ou colectiva (<i>classroom, aula virtual, blogs, mail...</i>).	Coñece varias comunidades virtuais e participa nelas só ocasionalmente.	Coñece varias comunidades virtuais pero non sabe como participar nelas ou que ferramentas usar.	Non participa en ningún tipo de comunidade virtual nin cre que sexa algo útil.
Coñece os dereitos/fortalezas e os riscos/debilidades existentes no mundo dixital e ten unha actitude crítica e responsable cara ás TIC.	Coñece os dereitos/fortalezas e os riscos/debilidades existentes no mundo dixital e ten unha actitude crítica nalgúns aspectos cara ás TIC.	Coñece algúns dos dereitos/fortalezas e dos riscos/debilidades existentes no mundo dixital e ten unha actitude pouco crítica cara ás TIC.	Non coñece os dereitos/fortalezas e os riscos/debilidades existentes no mundo dixital e ten unha actitude acrítica e/ou irresponsable cara ás TIC.
Practica o uso seguro, legal e responsable das TIC.	Practica o uso seguro, legal e responsable das TIC, con erros puntuais.	Practica o uso pouco seguro das TIC, aínda que legal e responsable a maior parte das veces.	Non practica o uso seguro das TIC e realiza accións de dubidosa legalidade.

Busca e tratamento da información na rede

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Localiza e selecciona diversas fontes dixitais para a obtención de información, avaliando a súa validez ou adecuación respecto aos intereses da temática, traballo, tarefa, etc.	A información extraída da Rede contén algúns erros, pero está claramente relacionada co tema proposto.	Localiza e selecciona diversas fontes dixitais, pero non avalía a súa validez ou adecuación.	Localiza diversas fontes dixitais, pero non aplica criterios adecuados de selección, nin avalía a validez ou adecuación das fontes.
A información extraída da Rede é correcta e está claramente relacionada co tema proposto.	A información extraída da Rede contén algúns erros, pero está claramente relacionada co tema proposto.	A información extraída da Rede contén moitos erros e/ou non está totalmente relacionada co tema.	A información extraída da Rede é incorrecta e/ou afástase do tema proposto.

Integración curricular

Xeografía e Historia 3º ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
Bloque 2. A organización territorial de España e Europa.				
a b e f g l n	B2.1. Organización política e territorial de España.	B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.	XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.	CCL CMCCT CD CAA CSC

Xeografía e Historia 4º ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
Bloque 8. O Mundo Actual.				
a c d g h l ñ	B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982).	B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.	XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.	CCL CAA CSC
			XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.	CCL CSC
			XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.	CCL CAA CSC

Valores Éticos 3º ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
a b g h l ñ	B4.12. Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar; título primeiro, capítulos I e II.	B4.6. Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de Autonomía de Galicia segundo aparece no seu título preliminar e no título primeiro, capítulos I e II.	VEB4.6.1. Sinala e comenta, a través do traballo colaborativo, os elementos esenciais do Estatuto de Autonomía de Galicia recollidos no seu título preliminar.	CAA CSC
			VEB4.6.2. Identifica e valora as características sinaladas no título I sobre o "poder galego".	CLL
			VEB4.6.3. Identifica e valora as funcións e as características do Parlamento sinaladas no capítulo I, e da Xunta e a súa Presidencia, segundo o capítulo II.	CLL



Lingua Galega e Literatura 1º-3º ESO – BLOQUE 1-2-3

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
a d h l ñ	B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.	B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo.	CSC CSIEE
h l	B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados.	B2.4. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.	CCL
d e h	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	CSC CCL
			LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.	CSC CCL

Lingua Castelá e Literatura 2º-4º ESO – BLOQUE 1-2-3.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
g h	B2.4. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.	B2.4. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos axeitados, coherentes e cohesionados.	LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.	CSIE
			LCLB2.4.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	CCL

Valores Democráticos Europeos 1º e 2º ESO – BLOQUE 2.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
a e g	<p>B2.6. A cidadanía activa e responsable. Acción e participación como elementos necesarios para a democracia e o control governamental.</p> <p>B2.7. A responsabilidade compartida da cidadanía.</p> <p>B2.8. A eficacia na resolución de conflitos e na construción social.</p>	B2.4 Coñece e razoa sobre diferentes loitas polos dereitos fundamentais, entendendo o seu valor e analizando criticamente as súas circunstancias e as conquistas que se conseguiron con eles.	VDE2.4.4. Identifica un problema real da súa comunidade sobre o que é quen de actuar e planifica unha acción de participación social para ofrecer unha posible solución ou proposta de mellora.	CCL CSC CSIEE



Caderno de trabajo

Que é un estatuto de autonomía?

A Constitución Española de 1978 reconece os dereitos de Galicia como nacionalidade histórica e o pobo galego aproba o seu Estatuto de Autonomía.

O Estatuto de Autonomía é a norma básica de funcionamento da Comunidade Autónoma, que define as súas institucións, normas e competencias polas que se rexe cada Comunidade Autónoma. O actual Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado nun referendo celebrado o 21 de decembro de 1980 e entrou en vigor o 18 de maio de 1981, aínda que xa en 1936 se plebiscitara/votara un Proxecto de Estatuto de Autonomía que non chegou a entrar en vigor polo inicio da Guerra Civil. Para desenvolver con eficacia as competencias asignadas, as comunidades autónomas reciben os recursos económicos necesarios.

Unha vez redactado, o Estatuto ten que ser aprobado polo órgano legislativo da comunidade e, despois, remitido ás Cortes Xerais. Nalgunhas comunidades, o texto aprobado polas Cortes é sometido posteriormente a referendo. Por último, o estatuto é sancionado e promulgado polo Rei.

No seu contido recóllense, entre outras cousas, a definición do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 2), os poderes da Comunidade Autónoma que se exercen a través do Parlamento, a Xunta e o/a seu/súa presidente/a (art. 9); as bases da división e organización administrativa (art. 40), os símbolos propios de Galicia: bandeira, escudo e himno (art. 6) ou o recoñecemento do galego como lingua propia de Galicia e a cooficialidade co castelán (art. 5).

O estatuto de autonomía e a súa historia

Durante a década de 1930, diversos territorios de España accederon á autonomía ou estiveron a piques de conseguilo.

Cataluña tivo un Estatuto de Autonomía en 1932, e o País Vasco, en 1936, pero gozaron pouco tempo deles. A defensa da autonomía foi liderada polo Partido Galeguista (con figuras tan senlleiras como Alfonso Rodríguez Castelao ou Alexandre Bóveda), fundado en 1931. O proxecto de Estatuto foi aprobado nun referendo polo pobo galego e ía a ser debatido nas Cortes precisamente cando se produce a sublevación militar franquista de xullo de 1936.

Non será ata a chegada da democracia e a Constitución Española de 1978, cando, baixo un réxime de monarquía parlamentaria, se establece que España é un Estado unitario, pero descentralizado administrativamente en autonomías, recuperando a solución territorial habilitada na Segunda República. "Liberdade, Amnistía e Estatuto de Autonomía" era o lema de moitas manifestacións naqueles anos. Aínda antes de elaborar a nova Constitución

democrática, foron restablecidas a Generalitat de Catalunya, o Consello Xeral Vasco e establecéronse consellos preautonómicos en varias rexións e nacionalidades. Polo tanto, a Constitución Española non creou o actual mapa das comunidades autónomas, senón que deixou ás propias nacionalidades e rexións (que o goberno designou como «entes preautonómicos») a libre iniciativa para exercer o dereito á autonomía. Unicamente, indicou as condicións e o proceso que se debía seguir.

Deste modo, as comunidades autónomas representan o novo modelo de Estado: o das Autonomías, unha forma mixta entre o Estado unitario e o federal. Cada unha das 17 comunidades autónomas (constituídas entre 1979 e 1983 e que, polo tanto, non figuran citadas na Constitución) posúe os seus correspondentes órganos de goberno coas competencias e a capacidade legislativa -cada autonomía terá un parlamento propio, un goberno e un Tribunal Superior de Xustiza- que lle concedan os seus Estatutos de Autonomía.

As rexións que tiveran un Estatuto de Autonomía na II República serán consideradas como "nacionalidades históricas", caso de Cataluña, País Vasco e Galicia -aínda que non chegara a aprobarse o seu Estatuto- polo que poden chegar aos estatutos de autonomía pola vía rápida do artigo 151 en lugar do 143 que afectará a todas as demais, segundo a propia Constitución.

O artigo 151 supón que, co acordo de tres cuartas partes dos municipios das provincias afectadas, que representen a maioría do censo de cada unha delas, unha Asemblea de Parlamentarios elaborará o Estatuto, será sometido a referendo do corpo electoral desas provincias e as Cortes Xerais ratificarano posteriormente.

Pódense acoller a esta vía aqueles territorios que xa contaron con Estatuto de Autonomía durante a II República: Cataluña, Galicia e País Vasco (máis Andalucía, que tamén accede polo artigo 151, pero seguindo un camiño especial) terán polo tanto o máximo teito competencial.

No caso de Galicia, o seu Estatuto foi aprobado en referendo en decembro de 1980 e entrou en vigor ao ano seguinte, pero non foi un proceso doado:

- Situándonos xa no proceso iniciado pola Constitución Española de 1978, o antecedente inmediato da elaboración do texto galego está na aprobación da Lei para a reforma política de 1977, que posibilitou unha admisión progresiva de autonomías provisionais. Neste sentido resulta de interese lembrar que na comisión dos 10 que negociaron con Adolfo Suárez as condicións para a celebración de eleccións xerais en 1977, figurou a presenza de diversos partidos políticos, entre os que se atopaban algúns que xustificaban a súa participación debido á súa vinculación con Galicia.
- Tras a celebración das primeiras eleccións democráticas, unha asemblea de parlamentarios galegos aprobou en outubro de 1977 un texto que serviu de base do réxime preautonómico para Galicia. Ese texto foi negociado con representantes de goberno e acabou plasmándose no RD Lei 7/1978 do 16 de marzo polo que se institúe a Xunta de Galicia, como órgano provisional de Galicia, que actuará mentres perdure a fase preautonómica e non se aprobe a constitución e o subseguinte Estatuto de Autonomía.

- Este réxime preautonómico pretendeu dar satisfacción ao desexo de contar con institucións propias sendo consciente de que non se condicionaba o futuro texto constitucional nin se obrigaba a existir ao futuro Estatuto de Autonomía que estaba por chegar. O texto era consciente do seu carácter provisional e "de mínimos", de tal maneira que postergaba ao momento estatuínte a regulación de aspectos esenciais da autonomía.
- A preautonomía galega baséase na existencia dun territorio delimitado polas catro provincias de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra). Ademais créase o órgano de goberno de Galicia con personalidade xurídica propia (a Xunta de Galicia). Este órgano compúxose de 11 membros elixidos polos/as deputados/as e senadores/as proclamados nas eleccións xerais de 1977 en Galicia e os 3 senadores galegos de designación rexia. Oito deles foron elixidos polos/as parlamentarios/as de cada provincia illadamente, outorgándose un par a cada unha delas e os tres remanentes serán elixidos polos anteriores. Ademais participaría na Xunta galega un representante de cada unha das deputacións provinciais, dispoñéndose para ese efecto que celebradas as eleccións locais estes serían substituídos por 8 novos representantes das deputacións renovadas.
- A presidencia da Xunta de Galicia recaeu na persoa do deputado Antonio Rosón Pérez, que foi elixido no seo da propia Xunta. As competencias que exerceu a Xunta preautonómica relacionáronse fundamentalmente con aspectos de autoorganización, relacións coas deputacións provinciais, xestión de funcións e servizos transferidos e facultades de proposta ao goberno estatal acerca das medidas que afecten aos intereses galegos.
- Desde o punto de vista do réxime xurídico, merece a pena ser destacado que desde un primeiro momento a Xunta dispuxo de servizos propios e da colaboración necesaria dos medios persoais e materiais das deputacións de Galicia, estando complementariamente sometida ao control da xurisdición contencioso-administrativa e a unha sorte de tutela estatal de oportunidade.

O acto de constitución oficial da Xunta preautonómica celebrouse no Pazo de Xelmírez na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela o día 18 de abril de 1978.

Unha vez establecida a Xunta preautonómica desenvóléronse unha serie de anteprojectos que desembocarán no propio Estatuto:

- O primeiro anteprojecto foi deseñado por parte do denominado "grupo dos 16", que tivo a súa orixe na convocatoria que o 3 de xullo de 1978 o Presidente da Xunta realizou a todos os partidos políticos, entidades culturais, sociais e sindicais para que colaborasen en tal labor.
- Outro antecedente importante foi a redacción do denominado "Relatorio dos 9", que tratou de levar a cabo o establecido no artigo 151 da Constitución mediante a reunión da asemblea de parlamentarios galegos o día 5 de maio de 1979. Deste xeito, o 25 de xuño a citada asemblea aprobou por unanimidade, excepto dous aspectos moi concretos, o proxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia que se presentou no Congreso dos Deputados o día 28 de xuño de 1979.

A Comisión Constitucional do Congreso recibiu o proxecto e abriuse un prazo para presentar motivos de desacordo, que terminou o 21 de setembro. Produciuse aquí unha paralización na substanciación do Estatuto de Autonomía para Galicia, froito de fortes tensións políticas e que só puido superarse mediante a firma do chamado "pacto do hostel" en setembro de 1980.

Deste xeito, o 21 de decembro dese mesmo ano celebrouse o referendo de aprobación do Estatuto de Autonomía para Galicia, sendo remitido para a súa ratificación polo Congreso dos Deputados e Deputadas na súa sesión do 17 de febreiro de 1981 e polo Senado o 17 de marzo, aprobándose como Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril.

O texto do Estatuto permaneceu sen modificar ata hoxe en día, constando dun título preliminar e 5 títulos que conteñen 57 artigos, 4 disposicións adicionais e 7 disposicións transitorias.

Todo este proceso autonómico xerou fortes tensións na situación política española. Por unha banda, a prensa e os grupos de extrema dereita denunciaban continuamente os riscos de fragmentación de España, instigando ao Exército para frear o devandito proceso.

Por outra banda, en moitas rexións crece o sentimento de agravio ante os privilexios das comunidades históricas. A complexidade da situación motivou a creación dun Ministerio de Administración Territorial que se encargaría, dende 1979, de xestionar o traspaso de competencias aos territorios autonómicos.

O último goberno de UCD propuxo ao Congreso unha lei que foi aprobada, chamada LOAPA –Lei Orgánica Harmonizadora do Proceso Autonómico–, que pretendía homoxeneizar todos os estatutos de autonomía das dezasete comunidades –aínda que delimitada polo Tribunal Constitucional–. Desta maneira quería tranquilizar aos sectores sociais e militares preocupados pola unidade de España. Tras a vitoria do PSOE en 1982 acelerouse o proceso de elaboración e promulgación dos estatutos da vía lenta e en 1983 practicamente estaban todos concluídos.

Os pactos autonómicos de 1992 (entre PP e PSOE basicamente) tiveron como obxectivos fundamentais a igualación competencial e o reforzamento dos mecanismos de colaboración horizontal (conferencias sectoriais). Os medios que estableceron para iso foron as Leis de Transferencia, as Reformas estatutarias e a aprobación da LRJAP e PAC coa súa función primordial de equipar e igualar os procesos administrativos.

Que poderes e órganos define e cales son as súas funcións?

As competencias e as institucións autonómicas

As comunidades teñen competencias ou funcións en diversos asuntos que asumirán elas mesmas e poden ser plenas ou compartidas co Estado:

- No caso das competencias exclusivas son outorgadas pola Constitución (artigo 148): políticas (organizar as súas institucións de autogoberno); económicas (agricultura, gandería, montes, bosques, pesca, caza, feiras interiores, artesanía, fomento do desenvolvemento); en infraestruturas e transportes (obras públicas, estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos de ámbito autonómico); en ordenación do territorio, urbanismo, medio ambiente e vivenda; sociais e sanitarias (asistencia social, sanidade, hixiene, protección de edificios e instalacións), e culturais, deportivas e de lecer (museos, bibliotecas, conservatorios e fomento da cultura, a investigación, a lingua propia, o turismo, o lecer, o deporte, etc.). As competencias exclusivas asumidas recóllense no estatuto de autonomía de cada comunidade. As non asumidas corresponden ao Estado ou son mixtas (o Estado realiza a lexislación básica e as comunidades fan o regulamento e aplícanas, ou só aplícanas).
- Son competencias compartidas, por exemplo, a xestión das estradas ou a lexislación laboral. Son competencias que asumen as comunidades porque non están atribuídas pola Constitución en exclusiva ao Estado (artigo 149).

39

As institucións de autogoberno da Comunidade Autónoma son as seguintes:

- Unha Asemblea ou Parlamento, no cal se discuten e se aproban as leis do seu ámbito, se controla a acción do goberno autonómico, se elixe o/a presidente/a e se aproban os orzamentos.
- O presidente ou presidenta, que representa a Comunidade Autónoma e forma e dirixe o goberno autonómico. O presidente ou presidenta é escollido pola Asemblea e nomeado/a polo Rei.
- O Goberno ou Consello, que executa e fai cumprir as leis aprobadas polo Parlamento e aquelas outras sobre as cales comparte competencias co Estado. O Goberno da Comunidade Autónoma está formado polo presidente ou presidenta e os conselleiros ou conselleiras.

Nas comunidades autónomas das illas Baleares e Canarias, cada illa ten unha administración de seu en forma de Consello Insular (illas Baleares) ou de cabido (Canarias).

As competencias e as institucións autonómicas de Galicia

Os poderes da Comunidade de Galicia exércense a través de diversas institucións de autogoberno, reguladas polo Estatuto de Autonomía:

- O **Parlamento** representa o pobo galego e encárgase de estudar e aprobar as leis, de controlar a actuación política da Xunta e de aprobar os orzamentos da Comunidade galega. Ten a súa sede en Santiago de Compostela e está integrado polos deputados e deputadas, elixidos democraticamente cada catro anos polos cidadáns e cidadás de Galicia maiores de 18 anos.
- A **Xunta**, con sede en Santiago de Compostela, compóñena o presidente ou presidenta e os conselleiros e conselleiras.
- O **presidente ou a presidenta da Xunta** é o máximo representante da Comunidade Autónoma. É escollido, de entre os seus membros, polo Parlamento e é nomeado polo Rei. Correspóndelle ao presidente ou á presidenta elixir os conselleiros ou conselleiras, dirixir e coordinar as actuacións da Xunta e convocar eleccións ao Parlamento galego.
- O **Tribunal Superior de Xustiza**, con sede na Coruña, é a máxima institución xudicial da Comunidade.
- O **Valedor do Pobo ou a Valedora do Pobo** é a persoa encargada de protexer os dereitos dos cidadáns e das cidadás da Comunidade. É elixido ou elixida polo Parlamento de Galicia por un período de cinco anos.

O Parlamento de Galicia é o depositario da soberanía, como institución representativa do pobo galego é depositario e garante dos valores democráticos sobre os que se asenta a nosa sociedade, valores tan importantes como son o respecto á dignidade humana, á diversidade, á liberdade, á igualdade ou á propia democracia, entre outros. Valores que están no centro da construción europea e que procuran, sobre todo, fomentar o respecto e a inclusión.

A cidadanía elixe cada 4 anos os deputados e deputadas que formarán parte do seu Parlamento. En Galicia forman parte desta institución 75 deputadas e deputados. O período para o que se elixen denomínase lexislatura.

A principal función do Parlamento de Galicia é a de facer as leis. A Cámara galega pode legislar sobre todos os asuntos que son competencia autonómica. As propostas para elaborar unha nova lei poden ser presentadas pola Xunta de Galicia (proyecto de lei), polos deputados/as ou grupos parlamentarios (proposición de lei) ou polos cidadáns e cidadás (iniciativa lexislativa popular). E, unha vez aprobadas, son promulgadas, en nome do Rei, polo presidente da Xunta de Galicia e publicadas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado. Galicia está entre as comunidades nas que resulta máis doado que os cidadáns e cidadás propoñan a elaboración dunha lei, xa que abonda con que a iniciativa conte co respaldo de 10.000 sinaturas.

A organización xerárquica interna de Galicia segundo o seu Estatuto

As comunidades autónomas subdivídense administrativamente en provincias e municipios, e Galicia non é unha excepción:

- A **provincia** é unha entidade local formada por unha agrupación de municipios. O seu órgano de goberno é a Deputación, cuxa misión é fomentar os intereses provinciais, asegurar a prestación dos servizos de competencia provincial, coordinar os servizos dos municipios e cooperar con eles.
- O **municipio** é a entidade básica da organización territorial de Galicia. O seu órgano de goberno é o Concello, rexido polo alcalde ou alcaldesa e os concelleiros e concelleiras. O municipio debe prestar unha serie de servizos aos veciños e veciñas, máis variados canto maior é unha poboación: rede de sumidoiros, pavimentación, recollida de lixos, etc.
- Ademais, a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia permiten a creación doutras demarcacións submunicipais (como as parroquias galegas) e supramunicipais (como as comarcas galegas).

Artigos seleccionados do Estatuto de Autonomía de Galicia

Artigo 1

1. Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para acceder ao seu autogoberno, de conformidade coa Constitución Española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.
2. A Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción de solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego.
3. Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do presente Estatuto e do Pobo.

Artigo 2

1. O territorio de Galicia é o abrangido polas actuais provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. (...)

Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Artigo 6

1. A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que atravesa desde o ángulo superior esquerdo ao inferior dereito.
2. Galicia ten himno e escudo de seu.

Ligazóns á web e materiais dixitais de referencia

Páxina web oficial da Xunta de Galicia sobre as súas consellerías, funcións e competencias

- https://www.xunta.gal/goberno-e-instituciones?langId=es_ES

Páxina web oficial da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia

- <http://www.conselleriadefacenda.es/>

Estatuto de Autonomía de Galicia

- <https://boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1981-9564>

Páxina de Wikipedia sobre o Estatuto de Autonomía de Galicia

- https://es.wikipedia.org/wiki/Estatuto_de_Autonom%C3%ADa_de_Galicia



Actividades

Actividade 1: chuvia de ideas

- Formade equipos de traballo de 4 a 6 alumnos/as para repensar que saben sobre:
 - » O Estatuto de Autonomía.
 - » A Xunta de Galicia.
 - » A Comunidade Autónoma de Galicia.
 - » A presidencia do goberno galego.
 - » O Parlamento de Galicia.

Clase: _____ Grupo: _____ Participantes: _____

ESTATUTO DE AUTONOMÍA

A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O PARLAMENTO DE GALICIA

A XUNTA DE GALICIA

A PRESIDENCIA DO GOBERNO GALEGO

OBSERVACIÓNS E IDEAS:

Actividade 2: organización territorial de España e Galicia

Alumno/a: _____

- Coa axuda do mapa político de España sinala os límites da C.A. de Galicia.


Límites físicos e políticos:

- » 1. Ao norte:
- » 2. Ao sur:
- » 3. Ao leste:
- » 4. Ao oeste:

1. Tres comunidades autónomas bañadas polo Mar Mediterráneo:

2. Tres comunidades autónomas en contacto co Mar Cantábrico:

3. Dúas Cidades Autónomas que non están na Península Ibérica:



Actividade 3: cartel



[Acceso ao cartel na Wikipedia](#)

- Analiza e interpreta a imaxe superior e logo contesta as seguintes preguntas. Trátase dun cartel propagandístico realizado por Camilo Díaz Baliño para a campaña electoral do plebiscito autonómico de xuño de 1936.

Alumno/a: _____

1. Describe os elementos representados:

- » Que palabras hai escritas no cartel?
- » Que personaxe aparece no debuxo?

2. Simboloxía dos elementos representados:

- » Que representa a muller?
- » Que representan a estrela na fronte, o vestido azul, a rama de oliveira que leva na man esquerda e a roda dentada?
- » Que representan as cores azuis e negras sobre fondo branco?

3. Intencións coa que foi realizado:

- » Que intención ten o cartel?
- » Cres que o autor do cartel estaba a favor da aprobación do Estatuto de Autonomía de 1936?

- A continuación investiga e busca información na INTERNET sobre a biografía do autor do cartel, Camilo Díaz Baliño. Teñen que aparecer os seguintes datos:

- » Datos persoais (nome, lugar de nacemento, familia, formación e estudos)

- » Época na que viviu

- » A súa actividade laboral, política, social...:

- » Importancia e influencia posterior:

- » Legado:

- » Morte:

Actividade 4: que sabes de...?

Alumno/a: _____

- Busca no Estatuto de Autonomía de Galicia (que podes consultar na ligazón que hai ao final deste caderno) que son e para que serven as institucións de Galicia que establece o Estatuto:

CONCEPTO / INFORMACIÓN / DEFINICIÓN

- » Símbolos de Galicia

- » Xunta de Galicia

- » Tribunal Superior de Xustiza

- » Valedor do Pobo/ Valedora do pobo

- » Consello Consultivo de Galicia

- » Consello da Cultura Galega


Actividade 5: como se organizan e elixen as nosas institucións autonómicas?

Alumno/a: _____

- Completa a seguinte táboa, respectando a xerarquía de competencias, co aprendido ao ler os textos seleccionados do Estatuto de Autonomía (podes usar o Estatuto como apoio):

ENTIDADE TERRITORIAL	INSTITUCIÓN	GOBERNANTES
COMUNIDADE AUTÓNOMA		
	DEPUTACIÓN PROVINCIAL	
		ALCALDE E CONCELLEIROS

- Como se elixen os membros das nosas institucións autonómicas? Axúdate das imaxes:



Actividade 6: funcións de cada institución autonómica

Alumno/a: _____

- Que institucións terán que intervir nos seguintes supostos? Relaciona con frechas:

» Asinar acordos con outras comunidades

PARLAMENTO

» Aprobar os orzamentos anuais

» Elixir o presidente ou presidenta da Comunidade

VALEDOR/A DO POBO

» Aprobar unha lei sobre educación

» Nomear conselleiros e conselleiras

PRESIDENTE/A XUNTA DE GALICIA

» Protexer os dereitos dos cidadáns/ás

» Convocar eleccións ao Parlamento

XUNTA DE GALICIA

» Propor leis ao Parlamento

» Resolver recursos contra outras sentenzas

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA

- Que institucións interveñen nos seguintes supostos? Relaciona con frechas:

» Organizar unha campaña de hixiene bucal na Comunidade

PARLAMENTO

» Organizar o deporte escolar

» Poñer papeleiras nas rúas e prazas das vilas

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

» Arranxar as estradas da provincia

XUNTA DE GALICIA

Actividade 7: traballo en grupo

- Organizádevos en varios equipos de traballo (entre 4 e 6 alumnos/as) para traballar sobre as seguintes cuestións:

Clase: _____ Grupo: _____ Participantes: _____

- Busca na Internet e accede á web de cada Consellería a partir do seguinte enderezo:
 » https://www.xunta.gal/goberno-e-instituciones?langId=es_ES
- A continuación consultade todas as ligazóns e logo concretade de que se ocupa cada unha das Consellerías:

CONSELLERÍA	FUNCIÓN

- Despois elabora unha listaxe con dúas medidas políticas que che chamen a atención que se estean levando a cabo en cada unha das institucións. Explica en que che poden afectar tales medidas e se che parecen positivas ou negativas:

1

2

Actividade 8: Repaso e autoavaliación

Alumno/a: _____

- Fai balance do aprendido e completa a seguinte táboa a modo de repaso (podes usar o Estatuto de Autonomía como apoio):


INSTITUCIÓN	DOCUMENTO BASE	REPRESENTACIÓN	ATRIBUCIÓN
ESTADO			
COMUNIDADE AUTÓNOMA			
DEPUTACIÓNS			
CONCELLOS			

- Completa as seguintes frases:
 - » En decembro de , os ratificaron mediante un a española. Esta lei reconece o das nacionalidades e das rexións que integran o a organizarse en
 - » Segundo o artigo da, as provincias con características culturais e comúns podían constituírse en entes Entre e 1983 organizáronse as comunidades actuais.
 - » Cataluña, e accederon á autonomía pola vía do artigo
 - » Ademais das comunidades autónomas, a Constitución tamén permite crear outras demarcacións territoriais como,, comarcas e parroquias.

Actividade 9: Repaso e autoavaliación: completa mapa conceptual

Alumno/a: _____

- Fai balance do aprendido e completa a seguinte táboa a modo de repaso (podes usar o Estatuto de Autonomía como apoio):



UNIDADE DIDÁCTICA

O estatuto de
autonomía de Galicia

Bacharelato

Táboa de contidos

Contextualización	58
Secuencia didáctica	67
Anexos.....	75
Caderno de traballo.....	93
Actividades	102



Contextualización

CICLO: Bacharelato | CURSOS: 1º - 2º | NÚMERO DE SESIÓN: 3

Xustificación

A Constitución Española de 1978 recoñece o dereito das nacionalidades e das rexións que integran o Estado a organizarse en comunidades autónomas. Cada unha delas, sen deixar de formar parte do Estado español, conta coas súas propias leis e institucións.

No caso de Galicia, o Estatuto de Autonomía foi promulgado o 6 de abril de 1981 como Lei Orgánica 1/1981, polo que agora cúmprense 40 anos da existencia deste. Foi un proceso laborioso e complexo que deu como resultado un modelo descentralizado no que os servizos públicos deben ofrecérselle á cidadanía en 3 niveis:

- Nos municipios, en primeira instancia.
- Nas deputacións provinciais, en segundo lugar.
- E na Comunidade Autónoma no 3º chanzo, antes da intervención do Estado (4ª instancia).

A súa vez, o Estatuto de Autonomía recolle os principais dereitos e deberes da cidadanía dese territorio e as institucións de goberno que rexen a vida desta, mantendo a división de poderes estatal e constitucional:

- **Legislativo:** referido ao Parlamento de Galicia, elixido por sufraxio universal, elabora leis, controla o goberno autonómico e aproba os orzamentos deste.
- **Executivo:** liderado polo/a presidente/a autonómico/a, elixido polo Parlamento autonómico que dirixe o goberno coa axuda duns conselleiros e dunhas conselleiras.
- **Xudicial:** formado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Polo tanto, debemos procurar transmitirle ao alumnado os coñecementos sobre as bases e consecuencias do Estatuto de Autonomía, para así converterse no futuro en cidadáns e cidadás conscientes da súa realidade política e administrativa e que poidan exercer os seus dereitos e cumprir cos seus deberes de forma plenamente responsable.

Alumnado destinatario

Esta unidade didáctica está orientada ao alumnado da educación secundaria postobrigatoria (Bacharelato) en xeral, tanto para 1º como para 2º curso. Está plenamente conectada con ambos os dous cursos, pola súa relación coas materias de Hª do Mundo Contemporáneo como por Historia de España, tendo, como é lóxico, un maior peso no Itinerario de Ciencias Sociais e Humanidades. De maneira específica nos currículos da materia de Xeografía e Historia de

España de 2º de Bacharelato hai varios contidos que tratan a *Organización política e territorial de España e Galicia*, tanto desde unha perspectiva espacial como histórica.

Tamén se pode integrar naqueles centros onde se imparte a materia de libre configuración autonómica "Xeografía e Historia de Galicia" en 2º de Bacharelato ou materias de libre configuración de centro de similar temática e orientación.

Temporalización

A previsión é dedicarlle 3 sesións a esta unidade de traballo, aínda que se podería estender a algunha máis, se fose posible realizar certas actividades complementarias (e en función do curso e do grao de profundidade coa que queiran abordarse os contidos).

Dentro da proposta xa se inclúe o apartado de consolidación e avaliación (que pode abordarse en media sesión).

Integración curricular

Esta proposta didáctica, ademais de traballar de xeito transversal diferentes contidos, tanto relativos a conceptos e procedementos como ao desenvolvemento de valores, aborda os elementos prescritivos do currículo referenciados no Caderno Anexo para cada un dos cursos.

Competencias clave

Entre as competencias que aborda esta unidade didáctica (UD en diante) atópanse varias das desenvolvidas na lexislación educativa, así como nas recomendacións europeas para a educación secundaria. As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía como condición indispensable para lograr que todas as persoas alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posible o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As actividades de aprendizaxe propostas nesta UD están en liña con este compromiso de fomento dunha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, co obxectivo de que o alumnado poida avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Ademais, afondan na recomendación de que as competencias se desenvolvan nos ámbitos da educación formal, non formal e informal ao longo da educación secundaria obrigatoria, así como tamén no bacharelato e, aínda que non atinxa a esta proposta, na educación permanente ao longo de toda a vida.

As competencias integran coñecementos (saber), habilidades operativas (saber facer) e actitudes (posicionarse afectiva e persoalmente ante o que se está a traballar). Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible resulta indispensable unha comprensión do coñecemento presente nas competencias e a vinculación deste coas habilidades prácticas ou destrezas que as integran.

Polo tanto, resulta esencial que os coñecementos, habilidades e actitudes adquiridos nesta UD se relacionen cos contidos e poidan ser usados de maneira efectiva en diferentes situacións e contextos.

Comunicación lingüística	Comprensión Lectora	Textos da unidade didáctica. Lectura de apartados do Estatuto de Autonomía.
	Expresión oral e escrita	Interpretación das imaxes da unidade didáctica. Contraste de opinións persoais co resto dos/das compañeiros/as sobre os dereitos e deberes da cidadanía e o Estado das Autonomías.
	Comunicación Audiovisual	Interacción coas ligazóns de Internet presentes na unidade didáctica e busca de información na rede.
Matemática e CCT	Observación e comparación de mapas temáticos, gráficas e información estatística sobre a aprobación do Estatuto de Autonomía, habitantes, densidade, etc. Datos estatísticos sobre os orzamentos de Galicia.	
Sentido Emprendedor	Os fondos e investimentos de Galicia e das Deputacións Provinciais.	
TIC e competencia dixital	Traballo dixital sobre apartados do Estatuto de Autonomía de Galicia. Visita as páxinas oficiais das institucións da Xunta de Galicia.	
Social e cívica	Os valores da democracia na construción do Estado das Autonomías. Cidadanía europea e convivencia multicultural.	
Aprender a aprender	Exercicios de reflexión e habilidades sobre os dereitos e deberes recollidos no Estatuto de Autonomía de Galicia.	
Conciencia e expresión cultural	Tradición histórica e cultural de Galicia. O Estatuto histórico de Galicia e a conformación das "Nacionalidades Históricas" en España. España como crisol de civilizacións e achegas futuras.	

Todo o sinalado anteriormente, resúmese en dous obxectivos principais:

- Proporcionarlle ao alumnado a capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos aos problemas da vida, modificándoos segundo o contexto.
- Ensinarlle a escoitar criticamente para seguir aprendendo ao longo da vida.

Para iso búscase unha execución práctica desta UD que integre coñecementos, procedementos e actitudes e os relacione co día a día do alumno ou alumna, de xeito que aprecie a utilidade da aprendizaxe regrada na vida. Para iso, buscarase a adaptación de todos os contidos ás capacidades de cada persoa, de xeito que poida interiorizar de xeito efectivo e real os conceptos clave da UD: comprensión do que é a democracia e como funcionan as estruturas democráticas.

Neste caso, ao abordar o Estatuto de Autonomía e a Comunidade Autónoma de Galicia, o alumnado formarase nos valores democráticos comúns (diálogo, noción do ben común, o respecto por un mesmo ou mesma e as demais persoas, a tolerancia, os dereitos e responsabilidades individuais, a xustiza...) que avoguen pola súa cidadanía activa no futuro inmediato.

Obxectivos

Xerais:

- Establecer a relación política, legal e administrativa entre o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución Española; entre o Parlamento e os poderes executivo e xudicial; entre o Parlamento e os concellos.
- Conectar a escola coa realidade política e social a través do coñecemento da historia de Galicia, as súas institucións e o funcionamento socio-político.
- Aprender a buscar fontes e contrastar a información.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías e dos múltiples recursos dispoñibles na sociedade actual para obter información fiable e potenciar o seu uso responsable.
- Promocionar o traballo cooperativo e colaborativo.

Específicos:

- Coñecer que é un Estatuto de Autonomía e a importancia que ten para o funcionamento dun Estado moderno.
- Valorar o proceso de aprobación da Constitución española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia, afondando no seu contexto sociopolítico.
- Analizar as claves e os contidos principais deste Estatuto.
- Comprender a división dos poderes do Estado (poder lexislativo, executivo e xudicial) e cales son as atribucións recollidas no Estatuto de Autonomía para cadaquén.
- Describir a organización territorial de Galicia, distinguindo a administración municipal, provincial e autonómica, así como as súas atribucións administrativas.
- Distinguir as características territoriais, demográficas e económicas que teñen as distintas autonomías.
- Recoñecer os desequilibrios socioeconómicos que existen entre as autonomías e entre as provincias e entender a solidariedade das rexións como parte da convivencia e responsabilidade.

Valores transversais e co-educación:

- Fomentar o interese pola historia da autonomía e as institucións galegas.
- Valorar a función do Estatuto de Autonomía como instrumento fundamental para o desenvolvemento democrático do noso país.
- Coñecer a realidade social e política da nosa contorna e tomar consciencia do noso papel na sociedade.

Contidos transversais

- Valoración do proceso de construción europea como un logro histórico.
- Recoñecemento da importancia das institucións supranacionais das que se dotou a Unión Europea.
- Disposición favorable á conservación do patrimonio comunitario.

- Interese por coñecer outros territorios, países e sociedades distintas á propia.
- Fomento de hábitos democráticos.
- Aprecio da singularidade dos espazos ambientais protexidos pola UE.
- Xuízo crítico sobre as iniciativas europeas (programas Erasmus, Galileo, Capitais Culturais, etc.).

Metodoloxía

A metodoloxía de traballo será a de aprendizaxe activa, baseada no descubrimento, na capacidade de aprendizaxe autónoma (traballo en metacognición) e no desenvolvemento de habilidades para a vida. Para isto combinarase o traballo individual co traballo en equipo de 4 a 6 alumnos/as, que irán avanzando sobre as actividades propostas.

O profesorado exercerá un papel de guía-acompañante no proceso educativo na procura do desenvolvemento, por parte do alumnado, de habilidades e estratexias de exercicio da cidadanía activa e responsable. Poderanse completar todas as actividades ou só as escollidas polo docente. Establécese unha proposta didáctica que contará con tres fases:

- Unha fase previa que abordará os coñecementos previos sobre o Estatuto de Autonomía e as institucións da nosa Comunidade Autónoma, así como a súa importancia na conformación política e territorial desta.
- Unha fase de desenvolvemento onde se analizará o proceso histórico da creación do Estatuto de Autonomía e as súas características e competencias.
- Unha fase posterior de recapitulación e avaliación na aula.

Nesta unidade didáctica tamén presentamos un **Caderno de traballo** anexo no cal xa se resumen os principais contidos desta unidade e propóñense unha serie de actividades para traballar, con carácter orientativo e sempre baixo a supervisión dun profesor/a ou orientador/a, que desenvolverá o traballo segundo as necesidades/características propias de cada aula/grupo.

Adaptación por niveis de competencia

Entendendo a diversidade como unha das bases da educación presente e futura, deseñamos esta unidade de xeito flexible, entendendo distintos ritmos para o alumnado. Ademais da obvia adaptación dos contidos a un grupo/clase diverso, presentamos 3 opcións para abordar as tarefas segundo o nivel do alumnado:

- Nivel avanzado: debe completar todas as actividades e facer consultas de ampliación nas webs recomendadas.
- Nivel intermedio: debe completar as actividades de referencia ou marcadas pola persoa docente, facendo buscas nas webs recomendadas.
- Nivel con dificultades: debe completar só as actividades recomendadas no dossier (1, 2, 4, 7 e 9) ou marcadas pola persoa docente, apoiándose nas webs recomendadas.

Escenarios posibles

O tratamento desta unidade didáctica e os seus contidos poden ser referidos dentro da secuencia didáctica habitual que cada docente segue na aula ao relacionarse con numerosos contidos e estándares de aprendizaxe do currículo oficial, como se detalla posteriormente.

Se non, pode ser aplicada a modo de introdución ou conclusión dalgún dos trimestres do curso, traballando outros criterios de avaliación ou estándares adaptados á secuencia didáctica de cada docente.

Organización

- Establecer equipos de traballo de entre 4 e 6 alumnos/as.
- Fixar hábitos de traballo: como responder as actividades presentadas, comprender a finalidade dos seus apartados...
- Traballar na aula con atlas e mapas políticos, dicionarios...
- Buscar información na Internet sobre os aspectos estudados na unidade.

- Visualizar imaxes ou vídeos sobre aspectos tratados na unidade.
- Buscar información (institucional, xornalística, etc.) para poder afondar nos contidos que se van tratar no tema.

Instalacións, equipamentos e recursos

- Material descargable en PDF achegado polo profesorado e anexo a esta unidade didáctica.
- Ligazóns web con recursos didácticos axeitados.
- Imaxes da Unidade: elaboración propia ou procedentes do banco de imaxes de:
- https://commons.wikimedia.org/wiki/Main_Page



Secuencia didáctica

Sesión 1

Estratexia didáctica

1. Conectamos cos coñecementos previos.
2. Ideas-explicacións máis estables de relación pluricausal.

Desenvolvemento de contidos

1. Que é un estatuto de autonomía?
2. A Historia do Estatuto de Autonomía de Galicia.
 - O obxectivo deste apartado é coñecer o Estatuto de Autonomía de Galicia e as súas competencias.
 - En primeiro lugar, leremos o texto do apartado 1 e 2 e explicarémolles ao alumnado que:
 - » É a Constitución a que define as institucións políticas sobre as que se basea o autogoberno.
 - » Describe cales son os poderes da Comunidade.
 - » Establece as relacións co Estado español e coas outras CC.AA
 - » O Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado en 1981, polo dereito que lle outorgaba a Constitución Española.
 - Para reforzar estas ideas, leremos o texto cos primeiros artigos do Estatuto de Autonomía de Galicia e responderemos as cuestións que o acompañan.
 - Cerraremos o apartado, sinalando o cartel que alentou ao voto nos referendos dos Estatutos da nosa Comunidade e descifraremos que sabe o alumnado deste.
3. Que poderes e órganos define e cales son as súas funcións?
4. A organización xerárquica interna de Galicia segundo o seu Estatuto.

Actividades

- **Actividade 1:** Chuvia de ideas.

Lectura pautada: Caderno de traballo anexo do alumnado apartados 1 e 2.

- **Actividade 2:** Organización territorial de España.
- **Actividade 3:** Análise do cartel do referendo de 1936 "Estatuto de Galicia SI".

Lectura pautada: Caderno de traballo anexo do alumnado apartados 1 e 2.

Sesión 2

Estratexia didáctica

3. Desenvolvemento do problema: traballamos na pluricausalidade.

Desenvolvemento de contidos

A finalidade deste apartado é coñecer cales son as institucións de autogoberno de Galicia, e como exercen o seu poder para xestionar política e administrativamente a nosa Comunidade.

Leremos os apartados 3 e 4 do Caderno e releremos o Estatuto de Autonomía. Anotaremos no encerado as institucións para poder reforzalas logo coas explicacións pertinentes e os exercicios deseñados.

Preguntarémolles que saben sobre:

- O Parlamento.
- A Xunta de Galicia e o/a seu/súa presidente/a.
- O Tribunal Superior de Xustiza.
- O Valedor ou Valedora do Pobo.

A medida que os describamos, aproveitaremos para ir abordando os exercicios correspondentes a este apartado.

Tamén citaremos as funcións que se desenvolven nas Consellerías da Xunta de Galicia, mediante a ligazón recomendada e os propios apuntamentos do Caderno de traballo.

Para finalizar, os alumnos e as alumnas realizarán as actividades do Caderno de traballo deste apartado.

Actividades

- **Actividade 4:** Que sabes de...?
- **Actividade 5:** Que dereitos e obrigas tes como cidadán ou cidadá?
- **Actividade 6:** Competencias de Galicia.

Busca de Información: Webs referenciadas no anexo.

Sesión 3

Estratexia didáctica

4. Fin do problema e recapitulación: revisión interrogantes iniciais e sistematizar o aprendido.

Desenvolvemento de contidos

- Investigando no Estatuto.
- Conclusións: dun fito histórico á transcendencia do Estatuto de Autonomía.
- Avaliación: balance da Autonomía de Galicia.

Na derradeira sesión é interesante que o alumnado acceda á información en páxinas e bibliotecas dixitais como as recomendadas no Caderno ou tipo Wikipedia. Neste caso,

investigarán para atopar información sobre o Estatuto de Autonomía de Galicia, tanto dende o punto de vista histórico, como político-administrativo.

Para finalizar, os alumnos e as alumnas realizarán as actividades de Repaso e Autoavaliación do Caderno de traballo deste apartado.

Actividades

- **Busca de Información na Rede:** Consulta das ligazóns propostas no Caderno de Traballo anexo ou referenciados polo profesor/a.
- **Repaso e autoavaliación** do aprendido:
- **Actividade 7:** Traballo colaborativo.
- **Actividade 8:** Riqueza e orzamentos.
- **Actividade 9:** Repartición de competencias. Comenta a imaxe.

Actividades

De introdución e detección de coñecementos previos

- Chuvia de ideas sobre o Estatuto de Autonomía de Galicia e as súas competencias.
- Identificación nun mapa de España e de Galicia das comunidades autónomas e provincias, respectivamente.

De afondamento e reforzo

- Análise de textos e traballo en equipo:
 - » Consitución Española.
 - » Estatuto de Autonomía de Galicia.
 - » Textos xornalísticos sobre a importancia do Estatuto da Autonomía de Galicia.

- » Textos en páxinas web e blogs especializados.
- Completado de táboas de datos coas competencias e características das institucións galegas.

De desenvolvemento

- Definicións:
 - » Constitución.
 - » Estatuto de Autonomía.
 - » Deputación.
 - » Organización territorial.
- Confección dun mapa de Galicia coa actual organización territorial.
- Realización dun mapa conceptual sobre as institucións da Comunidade Autónoma de Galicia e as funcións destas segundo as directrices do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Avaliación

Procedemento de cualificación

A unidade didáctica deseñouse coa intención de formar parte da avaliación continua do curso ordinario. O profesorado, segundo a súa programación e a adaptación ao seu alumnado, asignará o valor que estime oportuno nesta proposta didáctica a cada unha das actividades –realizadas na súa totalidade ou só as escollidas– que poderán ser avaliadas segundo a rúbrica (a modo de proposta) interpretada segundo a idade e desenvolvemento do alumnado (ver táboas anexas).

A avaliación terá en conta os criterios establecidos no desenvolvemento das competencias e contidos, pero tamén a actitude e o interese tanto individual como cara ao traballo en equipo.

Propónse por tanto, unha avaliación continua. O profesorado, segundo a súa programación e a adaptación ao seu alumnado, asignará o valor que estime nesta proposta didáctica a cada unha das actividades que poderán ser avaliadas segundo a seguinte rúbrica (a modo de proposta) interpretada segundo a idade e desenvolvemento do alumnado (ver táboa de rúbricas).

Avaliación do alumnado

- Instrumentos de cualificación:
 - » Actividades realizadas dentro da proposta desta unidade didáctica.
 - » Rúbricas relacionadas coas actividades propostas.

Avaliación da unidade didáctica e do proceso

- Criterios de avaliación:
 - » Coñecer a realidade política e administrativa de España e Galicia.
 - » Valorar o Estatuto da Autonomía de Galicia como un logro histórico e definir as consecuencias que provoca a súa aplicación.
 - » Identificar as competencias que posúe Galicia grazas ao seu Estatuto de Autonomía.

Actividades complementarias e extraescolares

Visita o Parlamento autonómico de Galicia, en Santiago de Compostela.

Realizar un itinerario histórico-cultural pola Cidade da Cultura tamén en Santiago de Compostela.

Visita o teu concello e realiza unha investigación sobre o seu funcionamento mediante entrevistas aos seus membros.

O goberno da miña localidade. A través dunha visita ou mediante unha charla ou entrevista con persoas vinculadas ao concello da vosa localidade, poderás responder as diferentes cuestións que che formulamos.

- Que é un concello?
- Cales son as funcións principais de todo concello?
- Indica polo menos unha tarefa que realiza cada unha das seguintes persoas:

- » O alcalde/a alcaldesa:
- » O persoal de oficina:
- » Unha concelleira/un concelleiro:
- » A secretaria/o secretario:
- » A policía municipal:
- » Un xardineiro/unha xardineira:
- » Un xuíz de paz/unha xuíza de paz:

Fomento da lectura

Proponse: Breve historia de Galicia, de Ramón Villares. Alianza editorial, ano 2004.

Fomento das TIC

- Actividades de afondamento e ampliación a través da busca de información e tratamento de textos na Rede, en webs ou blogs propostos.
- Visita ás páxinas web oficiais das distintas institucións galegas.
- Busca de información en páxinas de referencia contrastada.
- Uso de aplicacións diversas para a confección do dossier da actividade 7, así como doutras de carácter gráfico ou expositivo para o tratamento da información (Mindomo, BubbleUS, Pinterest, Hp Reveal...).

Bibliografía

- **Blanco Valdés, R. L.:** *La construcción de la autonomía gallega 1981-2007*. Escola Galega de Administración Pública. Santiago de Compostela, 2008.
- **Bouzas Lorenzo, R.:** *La organización administrativa de la Xunta de Galicia: 20 años de autonomía*. Institut de Ciéncies Polítiques i Socials. Barcelona, 2004.



Anexos


Rúbricas

Actividade 1: chuva de ideas

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
O alumnado define de xeito preciso e completo e traslada información relevante e complementaria sobre as principais ideas achegadas.	O alumnado elabora definicións e ideas sinxelas pero completas que trasladan información relevante e complementaria sobre as principais ideas achegadas.	O alumnado elabora definicións e ideas básicas e ás veces incompletas que trasladan información relevante sobre as principais ideas achegadas.	O alumnado elabora definicións que non achegan suficiente información relevante sobre as principais ideas achegadas.

Actividade 2: mapa territorial España - Galicia

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Todas as respostas son claras, precisas e oportunas.	Case todas as respostas son claras, precisas e oportunas.	A maioría das respostas son claras, precisas e oportunas.	Poucas respostas son claras, precisas e oportunas.



Actividade 3: comentario de texto. O inicio do Estatuto

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
O comentario está ben estruturado e cumpre os requisitos na súa totalidade.	O comentario está estruturado nun 70-60% e cumpre os requisitos de xeito satisfactorio.	O comentario está estruturado nun 60-45% e cumpre os requisitos de xeito simple.	O comentario non está estruturado.
Adáptase á perfección ao contido esixido.	Un 70-60% do texto ten relación co contido esixido.	Só algúns parágrafos fan alusión ao tema pedido.	Non se trata o tema pedido.
Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	Presenta ideas ambiguas ou con argumentos débiles.	Presenta ideas sen argumentar ou de xeito erróneo.	Non presenta ideas nin as argumenta.
Adáptase á perfección á extensión esixida.	Presenta menos ou máis extensión do establecido.	Presenta graves problemas de extensión, moito menos ou máis do establecido.	Presenta unha extensión moi deficitaria ou non fai o exercicio.

Actividade 4: que sabes de...?

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
O alumnado elabora un resumo visual completo e clarificador que traslada información relevante (destacada) e complementaria (en segundo plano), de xeito visualmente atractivo.	O alumnado elabora un resumo visual completo e clarificador que traslada información relevante e complementaria.	O alumnado elabora un resumo visual simple pero clarificador que, sen deixar elementos importantes atrás, traslada a información máis relevante.	O alumnado elabora un resumo visual simple que é case un calco do documento achegado.

Actividade 5: que dereitos e obrigas tes como cidadán ou cidadá?

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Completa os exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 70%-60% dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 60% - 45% dos exercicios que se propoñen.	Realiza menos do 45% dos exercicios que se propoñen.
Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizada e coherentemente con resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, aínda que falta organización, e con resultado correcto.	Desenvolve o procedemento con resultado correcto.	Non desenvolve o procedemento, non o detalla e sen resultado correcto.

Actividade 6: competencias de Galicia

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Contén todos os aspectos importantes do tema, de forma clara e ordenada.	Contén un 70-60% dos aspectos importantes do tema, de forma clara e ordenada.	Contén un 60-45% dos aspectos importantes do tema, sen orde e claridade.	Contén menos dun 45% dos aspectos importantes do tema, sen orde e claridade.
Propón exemplos claros, significativos, incluíndo conceptos novos.	Propón exemplos, pero non todos están relacionados co tema.	Propón exemplos pouco axeitados.	Non propón exemplos.
Todos os conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 90-70% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 70-60% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 60-45% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.

Actividade 7: traballo colaborativo

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
O alumnado elabora un resumo visual completo e clarificador que traslada información relevante (destacada) e complementaria (en segundo plano), de xeito visualmente atractivo.	O alumnado elabora un resumo visual completo e clarificador que traslada información relevante e complementaria.	O alumnado elabora un resumo visual simple pero clarificador que, sen deixar elementos importantes atrás, traslada a información máis relevante.	O alumnado elabora un resumo visual simple que é case un calco dos documentos achegados.
O traballo está ben estruturado e cumpre os requisitos na súa totalidade.	O traballo está estruturado nun 70-60% e cumpre os requisitos de xeito satisfactorio.	O traballo está estruturado nun 60-45% e cumpre os requisitos de xeito simple.	O traballo non está estruturado.
O texto non presenta erros.	O texto ten entre 4-6 erros como máximo.	O texto ten entre 6-10 erros como máximo.	O texto ten máis de 10 erros.
Adáptase á perfección á extensión esixida.	Presenta 1 páxina máis do establecido.	Presenta 2 páxinas máis do establecido.	Presenta máis de 2 páxinas do establecido ou menos do requirido.
Adáptase á perfección ao contido esixido.	Un 70-60% do texto non ten relación co contido esixido.	Só algúns parágrafos fan alusión ao tema pedido.	Non se trata o tema pedido.
Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	Presenta ideas ambiguas ou con argumentos débiles.	Presenta ideas sen argumentar ou de xeito erróneo.	Non presenta ideas nin as argumenta.
O traballo presenta pulcritude e limpeza.	O traballo presenta varios riscos.	O traballo ten dobreces e algún risco.	O traballo ten moitos riscos e dobreces.
Realízase na data indicada.	Realízase a entrega con 2 días de atraso.	Realízase a entrega con 3 días de atraso.	Non se entrega ou con máis de 3 días de atraso.

Actividade 8: riqueza e orzamentos

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Contén todos os aspectos importantes do tema, de forma clara e ordenada.	Contén un 70-60% de/dos aspectos importantes do tema, de forma clara e ordenada.	Contén un 60-45% de/dos aspectos importantes do tema, sen orde e claridade.	Contén menos dun 45% dos aspectos importantes do tema, sen orde e claridade.
Propón exemplos claros e significativos incluíndo conceptos novos.	Propón exemplos, pero non todos están relacionados co tema.	Propón exemplos pouco axeitados.	Non propón exemplos.
Todos os conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 90-70% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 70-60% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 60-45% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.

Actividade 9: repartición de competencias. Analiza a imaxe

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Contén todos os aspectos importantes do tema, de forma clara e ordenada.	Contén un 70-60% dos aspectos importantes do tema, de forma clara e ordenada.	Contén un 60-45% dos aspectos importantes do tema, sen orde e claridade.	Contén menos dun 45% dos aspectos ao tema.
Todos os conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 70-60% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 60-45% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	Contén menos dun 45% dos conceptos axeitados ao tema.
Todos os conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 70-60% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	O 60-45% dos conceptos presentan conexións axeitadas cos seguintes.	Non hai conexións axeitadas suficientes.

Gramática, ortografía e presentacións

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	Presenta ideas ben argumentadas pero con algún erro.	Presenta ideas ambiguas ou con argumentos débiles.	Presenta ideas sen argumentar o de xeito erróneo.
As tarefas non presentan erros ortográficos.	As tarefas teñen entre 4-6 erros ortográficos como máximo.	As tarefas teñen entre 6-10 erros ortográficos como máximo.	As tarefas teñen máis de 10 erros ortográficos.
As tarefas presentan pulcritude e limpeza.	As tarefas presentan algunha dobrez e algún risco.	As tarefas presentan varias dobreces e algún risco.	As tarefas teñen moitas dobreces e varios riscos.

Do tratamento e uso das TIC

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Coñece e utiliza medios e contornas dixitais para comunicarse e/ou traballar de forma colaborativa, para apoiar a aprendizaxe individual ou colectiva (<i>classroom, aula virtual, blogs, mail...</i>).	Coñece varias comunidades virtuais e participa nelas só ocasionalmente.	Coñece varias comunidades virtuais pero non sabe como participar nelas ou que ferramentas usar.	Non participa en ningún tipo de comunidade virtual nin cre que sexa algo útil.
Coñece os dereitos/ fortalezas e os riscos/debilidades existentes no mundo dixital e ten unha actitude crítica e responsable cara ás TIC.	Coñece os dereitos/ fortalezas e os riscos/debilidades existentes no mundo dixital e ten unha actitude crítica nalgúns aspectos cara ás TIC.	Coñece algúns dos dereitos/fortalezas e dos riscos/ debilidades existentes no mundo dixital e ten unha actitude pouco crítica cara ás TIC.	Non coñece os dereitos/fortalezas e os riscos/debilidades existentes no mundo dixital e ten unha actitude acrítica e/ou irresponsable cara ás TIC.
Practica o uso seguro, legal e responsable das TIC.	Practica o uso seguro, legal e responsable das TIC, con erros puntuais.	Practica o uso pouco seguro das TIC, aínda que legal e responsable a maior parte das veces.	Non practica o uso seguro das TIC e realiza accións de dubidosa legalidade.

Busca e tratamento da información na rede

Nivel Avanzado [10 – 8 Puntos]	Nivel Medio [8 – 6 Puntos]	Nivel Básico [6 – 4 Puntos]	Nivel Escaso [4 – 1 Puntos]
Localiza e selecciona diversas fontes dixitais para a obtención de información, avaliando a súa validez ou adecuación respecto aos intereses da temática, traballo, tarefa, etc.	A información extraída da Rede contén algúns erros, pero está claramente relacionada co tema proposto.	Localiza e selecciona diversas fontes dixitais, pero non avalía a súa validez ou adecuación.	Localiza diversas fontes dixitais, pero non aplica criterios adecuados de selección, nin avalía a validez ou adecuación das fontes.
A información extraída da Rede é correcta e está claramente relacionada co tema proposto.	A información extraída da Rede contén algúns erros, pero está claramente relacionada co tema proposto.	A información extraída da Rede contén moitos erros e/ou non está totalmente relacionada co tema.	A información extraída da Rede é incorrecta e/ou afástase do tema proposto.

Integración curricular

Historia de España – 2º Bacharelato

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
Historia de España – 2º Bacharelato				
a b d e h i p	B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña, forzas de oposición á República) bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar).	B10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha.	HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República.	CAA CSC
			HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931.	CCL CSC
			HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos.	CCL CSC
			HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior.	CCL CSC CAA
			HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934.	CCL CSC
			HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra.	CCL CSC

Xeografía – 2º Bacharelato

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
Xeografía – 2º Bacharelato				
a b d e h i p	B11.1. Organización territorial de España.	B11.1. Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal.	XHB11.1.1. Localiza e explica nun mapa a organización territorial española, partindo do concello e da comunidade autónoma.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B11.2. Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial.	B11.2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais.	XHB11.2.1. Explica a ordenación territorial española a partir de mapas históricos e actuais.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB11.2.2. Caracteriza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB11.2.3. Compara a ordenación territorial actual e a da primeira metade do século XX.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB11.2.4. Distingue e enumera as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos de España.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B11.3. Desequilibrios e contrastes territoriais.	B11.3. Analizar a organización territorial española e describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores.	XHB11.3.1. Enumera os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes na organización territorial española.	CMCCT CAA CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
Xeografía – 2º Bacharelato				
d e g i l p	B11.4. Comunidades autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia.	B11.3. Analizar a organización territorial española B11.4. Describir a transcendencia das comunidades autónomas e definir as políticas territoriais que levan a cabo, incidindo no caso de Galicia. Describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores.	XHB11.4.1. Explica as políticas territoriais que practican as comunidades autónomas en aspectos concretos.	CMCCT CAA CCL
d e g i l p	B11.5. A cuestión territorial na España das autonomías.	B11.5. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ás formas de organización territorial en España, utilizando fontes dispoñibles en Internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.	XHB11.5.1. Distingue os símbolos que diferencian as comunidades autónomas. XHB11.5.2. Explica razoadamente os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas.	CMCCT CAA CCL CAA CCL



Lingua Galega e Literatura 1º e 2º Bacharelato

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
Bloque 1. Comunicación Oral. escoitar e falar.				
b d e	B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.	B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais.	LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	CLL
			LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.	CCL CAA
			LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.	CCL CAA
b d e	B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.	B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias).	LGB1.2.1. Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais.	CCL CAA
			LGB1.2.2. Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia.	CCL CSC
			LGB1.2.3. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	CAA
			LGB1.2.4. escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.	CAA
b d e h	B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (entrevistas, documentais, series e películas).	B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación (entrevistas, documentais, series e películas).	LGB1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas).	CCL CSC CCEC
			LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.	CCL CSC
			LGB1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais.	CCL CAA CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
Bloque 1. Comunicación Oral. escoitar e falar.				
a b e m	B1.4. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.4. Desenvolver habilidades de escoita activa, para identificar os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao texto.	LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	CCL
			LGB1.4.2. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas.	CSC
			LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CSC CCL CSIEE
e h	B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSC
			LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL
			LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.	CCL
			LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
b f h	B2.1. Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, socio-lingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.	CCL CAA
			LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.	CCL CSC
			LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.	CCL
			LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.	CCL CD CAA
b h	B2.2. Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas gramaticais e ben presentados.	B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.	CCL
			LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.	CCL
b c d h	B2.4. Comprensión, produción e valoración de textos procedentes dos medios de comunicación social tanto os publicitarios como os periodísticos de carácter informativo e de opinión.	B2.4. Comprender, producir e valorar de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.	LGB2.4.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.	CCL CSC
			LGB2.4.2. Interpreta as mensaxes publicitarias e recoñece os elementos de persuasión dos anuncios.	CCL CSC
			LGB2.4.3. Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatórios dos textos publicitarios.	CCL CSC
b f h	B2.5. Análise dos textos descritivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.	B2.5. Caracterizar, identificar e producir textos descritivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares.	CCL
b f h	B2.6. Análise dos textos expositivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.	B2.6. Caracterizar, identificar e producir textos expositivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos.	CCL

Lingua Castelá e Literatura 1º e 2º Bacharelato.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
Bloque 1. Comunicación Oral. escoitar e falar.				
de g	B1.2. Textos expositivos e argumentativos orais. B1.3. Xéneros textuais orais propios do ámbito educativo.	B1.2. Sintetizar por escrito o contido de textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados, conferencias, clases, charlas, videoconferencias, etc., discriminando a información relevante e accesoria, e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos.	LCL1B1.2.1. Sintetiza por escrito textos orais de carácter expositivo, de temas especializados e propios do ámbito educativo, discriminando a información relevante.	CCL
			LCL1B1.2.2. Recoñece as formas de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, analiza os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor, e valóraos en función dos elementos da situación comunicativa.	CCL
de g	B1.4. Comprensión e produción de textos orais procedentes dos medios de comunicación social. Recursos.	B1.3. Extraer información de textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación, recoñecendo a intención comunicativa, o tema e a estrutura do contido, identificando os trazos propios do xénero xornalístico e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	LCL1B1.3.1. Recoñece os trazos propios dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.	CSC
			LCL1B1.3.2. Analiza os recursos verbais e non verbais utilizados polo emisor dun texto xornalístico oral ou audiovisual, valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	CSC



Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
b h	B2.1. A comunicación escrita no ámbito educativo. B2.2. Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo.	B2.1. Desenvolver por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, empregando distintas estruturas expositivas (comparación, problema-solución, enumeración, causa-consecuencia, ordenación cronolóxica, etc.) e utilizando os recursos expresivos adecuados ás condicións da situación comunicativa.	LCL1B2.1.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.	CCL
			LCL1B2.1.2. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.), empregando un léxico preciso e especializado, e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín.	CSC
			LCL1B2.1.3. Avalía as súas propias producións escritas e as dos/das seus/súas compañeiros/as, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas, e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma.	CAA
e g h	B2.2. Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo.	B2.2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado, discriminando a información relevante e accesoria, e utilizando a lectura como un medio de adquisición de coñecementos.	LCL1B2.2.1. Comprende textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, e identifica o tema e a estrutura.	CCL
			LCL1B2.2.2. Sintetiza textos de carácter expositivo, de tema especializado, propios do ámbito educativo, distinguindo as ideas principais e secundarias.	CMCCT
			LCL1B2.2.3. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes nun texto expositivo de tema especializado e valóraos en función dos elementos da situación comunicativa (intención comunicativa do/da autor/a, tema e xénero textual).	CSC
e g h l	B2.3. Comprensión, produción e organización de textos escritos procedentes dos medios de comunicación social: xéneros informativos, e de opinión e publicidade.	B2.3. Ler, comprender e interpretar textos xornalísticos e publicitarios de carácter informativo e de opinión, recoñecendo a intención comunicativa, identificando os trazos propios do xénero e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	LCL1B2.3.1. Resume o contido de textos xornalísticos escritos informativos e de opinión, discriminando a información relevante, recoñecendo o tema e a estrutura do texto, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	CCL
			LCL1B2.3.2. Interpreta diversos anuncios impresos identificando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir o receptor, valorando criticamente a súa forma e o seu contido, e rexeitando as ideas discriminatorias.	CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
b e g h	B2.4. Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.	B2.4. Realizar traballos de investigación sobre temas do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural, planificando a súa realización, obtendo a información de fontes diversas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, a súa avaliación e a súa mellora.	LCL1B2.4.1. Realiza traballos de investigación planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, organizando a información en función dunha orde predefinida, revisando o proceso de escritura para mellorar o produto final e chegando a conclusións persoais.	CAA
			LCL1B2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, consultando fontes diversas e avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas-resumo.	CD
			LCL1B2.4.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos (organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina e bibliografía).	CCL
			LCL1B2.4.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a realización, a avaliación e a mellora de textos escritos propios e alleos.	CD



Xeografía e Historia de Galicia 2º de Bacharelato

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias básicas
a b e	<p>B7.2. Afundimento do sistema político da Restauración e procura de solucións democráticas. II República e primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Evolución política de Galicia desde o Rexionalismo ata a xeración das Irmandades: organizacións políticas; autonomismo; Estatuto de 1936. – Polarización da sociedade galega durante a II República. Primeiras formas de participación feminina en política. 	B7.2. Explicar a evolución política de Galicia durante a II República ata o comezo da Guerra Civil.	XHGB7.2.1. Diferencia a ideoloxía das forzas políticas de apoio e oposición á II República, e describe as súas razóns e as principais actuacións.	CCL CSC CCEC
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
a b c d	<p>B9.1. Realidade galega actual:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Proceso autonómico e consecución do Estatuto no contexto da transición á democracia en España. – Evolución política da Galicia autonómica; construción dunha administración propia desde 1977 á actualidade. 	B9.1. Describir as características do proceso autonómico en Galicia, identificar as características do Estatuto de Autonomía no marco da Constitución de 1978 e coñecer as organizacións e os persoeros que protagonizaron os cambios políticos, económicos, sociais e culturais na Galicia do último cuarto do século XX.	XHGB9.1. Explica as mudanzas estruturais e o papel dos actores individuais e colectivos na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e da riqueza ambiental.	CAA CSC CCEC
a b c f p	<p>B9.2. Integración na Unión Europea e novos retos sociais e económicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Proceso da integración na Unión Europea: consecuencias estruturais para os sectores produtivos e para a sociedade galega. – Cambios sociais, económicos e culturais: construción do Estado de benestar e posta en valor dos propios recursos. 	B9.2. Analizar a estrutura e os principios que regulan a organización política e territorial do Estado español en comunidades autónomas e a importancia do ingreso na Unión Europea, que achegou as condicións de vida da sociedade galega aos niveis de liberdades políticas e benestar da Europa máis desenvolvida. Analizar e describir as dificultades e as oportunidades que se lle presentan na actualidade á sociedade galega.	XHGB9.2. Analiza e explica o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o benestar social alcanzados desde os anos 80 do século pasado.	CAA CSC CCEC



Caderno de trabajo

Que é un estatuto de autonomía?

A Constitución Española de 1978 reconece os dereitos de Galicia como nacionalidade histórica e o pobo galego aproba o seu Estatuto de Autonomía.

O Estatuto de Autonomía é a norma básica de funcionamento da Comunidade Autónoma, que define as súas institucións, normas e competencias polas que se rexe cada comunidade autónoma. O actual Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado nun referendo celebrado o 21 de decembro de 1980 e entrou en vigor o 18 de maio de 1981, aínda que xa en 1936 se plebiscitara/votara un Proxecto de Estatuto de Autonomía que non chegou a entrar en vigor polo inicio da Guerra Civil. Para desenvolver con eficacia as competencias asignadas, as comunidades autónomas reciben os recursos económicos necesarios.

Unha vez redactado, o estatuto ten que ser aprobado polo órgano lexislativo da comunidade e, despois, remitido ás Cortes Xerais. Nalgunhas comunidades, o texto aprobado polas Cortes é sometido posteriormente a referendo. Por último, o estatuto é sancionado e promulgado polo Rei.

No seu contido recóllense, entre outras cousas, a definición do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 2), os poderes da Comunidade Autónoma que se exercen a través do Parlamento, a Xunta e o/a seu/súa presidente/a (art. 9); as bases da división e organización administrativa (art. 40), os símbolos propios de Galicia: bandeira, escudo e himno (art. 6) ou o recoñecemento do galego como lingua propia de Galicia e a cooficialidade co castelán (art. 5).

O Estatuto de Autonomía e a súa historia

Durante a década de 1930, diversos territorios de España accederon á autonomía ou estiveron a piques de conseguilo.

Cataluña tivo un Estatuto de Autonomía en 1932, e o País Vasco, en 1936, pero gozaron pouco tempo deles. A defensa da autonomía foi liderada polo Partido Galeguista (con figuras tan senlleiras como Alfonso Rodríguez Castelao ou Alexandre Bóveda), fundado en 1931. O proxecto de Estatuto foi aprobado nun referendo polo pobo galego e ía a ser debatido nas Cortes precisamente cando se produce a sublevación militar franquista de xullo de 1936.

Non será ata a chegada da democracia e a Constitución Española de 1978, cando, baixo un réxime de monarquía parlamentaria, se establece que España é un Estado unitario, pero descentralizado administrativamente en autonomías, recuperando a solución territorial habilitada na Segunda República. "Liberdade, Amnistía e Estatuto de Autonomía" era o lema de moitas manifestacións naqueles anos. Aínda antes de elaborar a nova Constitución

democrática, foron restablecidas a Generalitat de Catalunya, o Consello Xeral Vasco e establecéronse consellos preautonómicos en varias rexións e nacionalidades. Polo tanto, a Constitución Española non creou o actual mapa das comunidades autónomas, senón que deixou ás propias nacionalidades e rexións (que o goberno designou como «entes preautonómicos») a libre iniciativa para exercer o dereito á autonomía. Unicamente, indicou as condicións e o proceso que se debía seguir.

Deste modo, as comunidades autónomas representan o novo modelo de Estado: o das autonomías, unha forma mixta entre o Estado unitario e o federal. Cada unha das 17 comunidades autónomas (constituídas entre 1979 e 1983 e que, polo tanto, non figuran citadas na Constitución) posúe os seus correspondentes órganos de goberno coas competencias e a capacidade legislativa -cada autonomía terá un parlamento propio, un goberno e un Tribunal Superior de Xustiza- que lle concedan os seus Estatutos de Autonomía.

As rexións que tiveran un Estatuto de Autonomía na II República serán consideradas como "nacionalidades históricas", caso de Cataluña, País Vasco e Galicia -aínda que non chegara a aprobarse o seu Estatuto- polo que poden chegar aos estatutos de autonomía pola vía rápida do artigo 151 en lugar do 143 que afectará a todas as demais, segundo a propia Constitución.

O artigo 151 supón que, co acordo de tres cuartas partes dos municipios das provincias afectadas, que representen a maioría do censo de cada unha delas, unha Asemblea de parlamentarios elaborará o Estatuto, será sometido a referendo do corpo electoral desas provincias e as Cortes Xerais ratificarano posteriormente.

Pódense acoller a esta vía aqueles territorios que xa contaron con Estatuto de Autonomía durante a II República: Cataluña, Galicia e País Vasco (máis Andalucía que tamén accede polo artigo 151, pero seguindo un camiño especial) terán polo tanto o máximo teito competencial.

No caso de Galicia, o seu Estatuto foi aprobado en referendo en decembro de 1980 e entrou en vigor ao ano seguinte, pero non foi un proceso doado:

- Situándonos xa no proceso iniciado pola Constitución Española de 1978, o antecedente inmediato da elaboración do texto galego está na aprobación da Lei para a reforma política de 1977, que posibilitou unha admisión progresiva de autonomías provisionais. Neste sentido resulta de interese lembrar que na comisión dos 10 que negociaron con Adolfo Suárez as condicións para a celebración de eleccións xerais en 1977 figurou a presenza de diversos partidos políticos, entre os que se atopaban algúns que xustificaban a súa participación debido á súa vinculación con Galicia.
- Tras a celebración das primeiras eleccións democráticas, unha asemblea de parlamentarios galegos aprobou en outubro de 1977 un texto que serviu de base do réxime preautonómico para Galicia. Ese texto foi negociado con representantes de goberno e acabou plasmándose no RD Lei 7/1978 do 16 de marzo polo que se institúe a Xunta de Galicia, como órgano provisional de Galicia, que actuará mentres perdure a fase preautonómica e non se aprobe a constitución e o subseguinte Estatuto de Autonomía.

- Este réxime preautonómico pretendeu dar satisfacción ao desexo de contar con institucións propias sendo consciente de que non se condicionaba o futuro texto constitucional nin se obrigaba a existir ao futuro Estatuto de Autonomía que estaba por chegar. O texto era consciente do seu carácter provisional e "de mínimos", de tal maneira que postergaba ao momento estatuínte a regulación de aspectos esenciais da autonomía.
- A preautonomía galega baséase na existencia dun territorio delimitado polas catro provincias de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra). Ademais créase o órgano de goberno de Galicia con personalidade xurídica propia (a Xunta de Galicia). Este órgano compúxose de 11 membros elixidos polos/as deputados/as e senadores/as proclamados nas eleccións xerais de 1977 en Galicia e os 3 senadores galegos de designación rexia. Oito deles foron elixidos polos/as parlamentarios/as de cada provincia illadamente, outorgándose un par a cada unha delas e os tres remanentes serán elixidos polos anteriores. Ademais participaría na Xunta galega un representante de cada unha das deputacións provinciais, dispoñéndose para ese efecto que celebradas as eleccións locais estes serían substituídos por 8 novos representantes das deputacións renovadas.
- A presidencia da Xunta de Galicia recaeu na persoa do deputado Antonio Rosón Pérez, que foi elixido no seo da propia Xunta. As competencias que exerceu a Xunta preautonómica relacionáronse fundamentalmente con aspectos de autoorganización, relacións coas deputacións provinciais, xestión de funcións e servizos transferidos e facultades de proposta ao goberno estatal acerca das medidas que afecten aos intereses galegos.
- Desde o punto de vista do réxime xurídico, merece a pena ser destacado que desde un primeiro momento a Xunta dispuxo de servizos propios e da colaboración necesaria dos medios persoais e materiais das deputacións de Galicia, estando complementariamente sometida ao control da xurisdición contencioso-administrativa e a unha sorte de tutela estatal de oportunidade.

O acto de constitución oficial da Xunta preautonómica celebrouse no Pazo de Xelmírez na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela o día 18 de abril de 1978.

Unha vez establecida a Xunta preautonómica desenvóléronse unha serie de anteprojectos que desembocarán no propio Estatuto:

- O primeiro anteprojecto foi deseñado por parte do denominado "grupo dos 16", que tivo a súa orixe na convocatoria que o 3 de xullo de 1978 o presidente da Xunta realizou a todos os partidos políticos, entidades culturais, sociais e sindicais para que colaborasen en tal labor.
- Outro antecedente importante foi a redacción do denominado "Relatorio dos 9", que tratou de levar a cabo o establecido no artigo 151 da Constitución mediante a reunión da asemblea de parlamentarios galegos o día 5 de maio de 1979. Deste xeito, o 25 de xuño a citada asemblea aprobou por unanimidade, excepto dous aspectos moi concretos, o proxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia que se presentou no Congreso dos Deputados o día 28 de xuño de 1979.

A Comisión Constitucional do Congreso recibiu o proxecto e abriuse un prazo para presentar motivos de desacordo, que terminou o 21 de setembro. Produciuse aquí unha paralización na substanciación do Estatuto de Autonomía para Galicia, froito de fortes tensións políticas e que só puido superarse mediante a firma do chamado "pacto do hostel" en setembro de 1980.

Deste xeito, o 21 de decembro dese mesmo ano celebrouse o referendo de aprobación do Estatuto de Autonomía para Galicia, sendo remitido para a súa ratificación polo Congreso dos Deputados e Deputadas na súa sesión do 17 de febreiro de 1981 e polo Senado o 17 de marzo, aprobándose como Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril.

O texto do Estatuto permaneceu sen modificar ata hoxe en día constando dun título preliminar e 5 títulos que conteñen 57 artigos, 4 disposicións adicionais e 7 disposicións transitorias.

Todo este proceso autonómico xerou fortes tensións na situación política española. Por unha banda, a prensa e os grupos de extrema dereita denunciaban continuamente os riscos de fragmentación de España, instigando ao Exército para frear o devandito proceso.

Por outra banda, en moitas rexións crece o sentimento de agravio ante os privilexios das comunidades históricas. A complexidade da situación motivou a creación dun Ministerio de Administración Territorial que se encargaría, dende 1979, de xestionar o traspaso de competencias aos territorios autonómicos.

O último goberno de UCD propuxo ao Congreso unha lei que foi aprobada, chamada LOAPA –Lei Orgánica Harmonizadora do Proceso Autonómico–, que pretendía homoxeneizar todos os estatutos de autonomía das dezasete comunidades –aínda que delimitada polo Tribunal Constitucional-. Desta maneira quería tranquilizar aos sectores sociais e militares preocupados pola unidade de España. Tras a vitoria do PSOE en 1982 acelerouse o proceso de elaboración e promulgación dos estatutos da vía lenta e en 1983 practicamente estaban todos concluídos.

Os pactos autonómicos de 1992 (entre PP e PSOE basicamente) tiveron como obxectivos fundamentais a igualación competencial e o reforzamento dos mecanismos de colaboración horizontal (conferencias sectoriais). Os medios que estableceron para iso foron as Leis de Transferencia, as Reformas estatutarias e a aprobación da LRJAP e PAC coa súa función primordial de equipar e igualar os procesos administrativos.

Que poderes e órganos define e cales son as súas funcións?

As competencias e as institucións autonómicas

As comunidades teñen competencias ou funcións en diversos asuntos que asumirán elas mesmas e poden ser plenas ou compartidas co Estado:

- No caso das competencias exclusivas son outorgadas pola Constitución (artigo 148): políticas (organizar as súas institucións de autogoberno); económicas (agricultura, gandería, montes, bosques, pesca, caza, feiras interiores, artesanía, fomento do desenvolvemento); en infraestruturas e transportes (obras públicas, estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos de ámbito autonómico); en ordenación do territorio, urbanismo, medio ambiente e vivenda; sociais e sanitarias (asistencia social, sanidade, hixiene, protección de edificios e instalacións), e culturais, deportivas e de lecer (museos, bibliotecas, conservatorios e fomento da cultura, a investigación, a lingua propia, o turismo, o lecer, o deporte, etc.). As competencias exclusivas asumidas recóllense no estatuto de autonomía de cada comunidade. As non asumidas corresponden ao Estado ou son mixtas (o Estado realiza a lexislación básica e as comunidades fan o regulamento e aplícana, ou só aplícana).
- Son competencias compartidas, por exemplo, a xestión das estradas ou a lexislación laboral. Son competencias que asumen as comunidades porque non están atribuídas pola Constitución en exclusiva ao Estado (artigo 149).

98

As institucións de autogoberno da Comunidade Autónoma son as seguintes:

- Unha Asemblea ou Parlamento, no cal se discuten e se aproban as leis do seu ámbito, se controla a acción do goberno autonómico, se elixe o/a presidente/a e se aproban os orzamentos.
- O presidente ou presidenta, que representa a Comunidade Autónoma e forma e dirixe o goberno autonómico. O presidente ou presidenta é escollido pola Asemblea e nomeado/a polo Rei.
- O Goberno ou Consello, que executa e fai cumprir as leis aprobadas polo Parlamento e aquelas outras sobre as cales comparte competencias co Estado. O Goberno da Comunidade Autónoma está formado polo presidente ou presidenta e os conselleiros ou conselleiras.

Nas comunidades autónomas das illas Baleares e Canarias, cada illa ten unha administración de seu en forma de Consello Insular (illas Baleares) ou de cabido (Canarias).

As competencias e as institucións autonómicas de Galicia

Os poderes da Comunidade de Galicia exércense a través de diversas institucións de autogoberno, reguladas polo Estatuto de Autonomía:

- O **Parlamento** representa o pobo galego e encárgase de estudar e aprobar as leis, de controlar a actuación política da Xunta e de aprobar os orzamentos da Comunidade galega. Ten a súa sede en Santiago de Compostela e está integrado polos deputados e deputadas, elixidos democraticamente cada catro anos polos cidadáns e cidadás de Galicia maiores de 18 anos.
- A **Xunta**, con sede en Santiago de Compostela, compóñena o presidente ou presidenta e os conselleiros e conselleiras.
- O **presidente ou a presidenta da Xunta** é o máximo representante da Comunidade Autónoma. É escollido, de entre os seus membros, polo Parlamento e é nomeado polo Rei. Correspóndelle ao presidente ou á presidenta elixir os conselleiros ou conselleiras, dirixir e coordinar as actuacións da Xunta e convocar eleccións ao Parlamento galego.
- O **Tribunal Superior de Xustiza**, con sede na Coruña, é a máxima institución xudicial da Comunidade.
- O **Valedor do Pobo ou a Valedora do Pobo** é a persoa encargada de protexer os dereitos dos cidadáns e das cidadás da Comunidade. É elixido ou elixida polo Parlamento de Galicia por un período de cinco anos.

O Parlamento de Galicia é o depositario da soberanía, como institución representativa do pobo galego é depositario e garante dos valores democráticos sobre os que se asenta a nosa sociedade, valores tan importantes como son o respecto á dignidade humana, á diversidade, á liberdade, á igualdade ou á propia democracia, entre outros. Valores que están no centro da construción europea e que procuran, sobre todo, fomentar o respecto e a inclusión.

A cidadanía elixe cada 4 anos os deputados e deputadas que formarán parte do seu Parlamento. En Galicia forman parte desta institución 75 deputadas e deputados. O período para o que se elixen denomínase lexislatura.

A principal función do Parlamento de Galicia é a de facer as leis. A Cámara galega pode legislar sobre todos os asuntos que son competencia autonómica. As propostas para elaborar unha nova lei poden ser presentadas pola Xunta de Galicia (proxecto de lei), polos deputados/as ou grupos parlamentarios (proposición de lei) ou polos cidadáns e polas cidadás (iniciativa lexislativa popular). E, unha vez aprobadas, son promulgadas, en nome do Rei, polo/a presidente/a da Xunta de Galicia e publicadas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado. Galicia está entre as comunidades nas que resulta máis doado que os cidadáns e as cidadás propoñan a elaboración dunha lei, xa que abonda con que a iniciativa conte co respaldo de 10.000 sinaturas.

A organización xerárquica interna de Galicia segundo o seu Estatuto

As comunidades autónomas subdivídense administrativamente en provincias e municipios, e Galicia non é unha excepción:

- A **provincia** é unha entidade local formada por unha agrupación de municipios. O seu órgano de goberno é a Deputación, cuxa misión é fomentar os intereses provinciais, asegurar a prestación dos servizos de competencia provincial, coordinar os servizos dos municipios e cooperar con eles.
- O **municipio** é a entidade básica da organización territorial de Galicia. O seu órgano de goberno é o Concello, rexido polo alcalde ou pola alcaldesa e os concelleiros e as concelleiras. O municipio debe prestar unha serie de servizos aos veciños e veciñas, máis variados canto maior é unha poboación: rede de sumidoiros, pavimentación, recollida de lixos, etc.
- Ademais, a Constitución e o Estatuto da Autonomía de Galicia permiten a creación doutras demarcacións submunicipais (como as parroquias galegas) e supramunicipais (como as comarcas galegas).

Artigos seleccionados do Estatuto de Autonomía de Galicia

Artigo 1

1. Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para acceder ao seu autogoberno, de conformidade coa Constitución Española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.
2. A Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción de solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego.
3. Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do presente Estatuto e do Pobo.

Artigo 2

1. O territorio de Galicia é o abrangido polas actuais provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. (...)

Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Artigo 6

1. A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que atravesa desde o ángulo superior esquerdo ao inferior dereito.
2. Galicia ten himno e escudo de seu.

Ligazóns web e materiais dixitais de referencia

Páxina web oficial do Congreso dos Deputados e das Deputadas sobre o proceso de Autonomía de Galicia

- <https://app.congreso.es/consti/estatutos/sinopsis.jsp?com=73>

Páxina web oficial da Xunta de Galicia sobre as súas consellerías, funcións e competencias

- https://www.xunta.gal/goberno-e-instituciones?langId=es_ES

Páxina web oficial da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia

- <http://www.conselleriadefacenda.es/>

Estatuto de Autonomía de Galicia

- <https://boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1981-9564>

Páxina de Wikipedia sobre o Estatuto de Autonomía de Galicia

- https://es.wikipedia.org/wiki/Estatuto_de_Autonom%C3%ADa_de_Galicia



Actividades

Actividade 1: chuvia de ideas

- Formade equipos de traballo de 4 a 6 alumnos/as para repensar que saben sobre:
 - » O Estatuto de Autonomía.
 - » A Xunta de Galicia.
 - » A Comunidade Autónoma de Galicia.
 - » A presidencia do goberno galego.
 - » O Parlamento de Galicia.

Clase: _____ Grupo: _____ Participantes: _____

ESTATUTO DE AUTONOMÍA

A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O PARLAMENTO DE GALICIA

A XUNTA DE GALICIA

A PRESIDENCIA DO GOBERNO GALEGO

OBSERVACIÓNS E IDEAS:

Actividade 2: organización territorial de España e Galicia

Alumno/a: _____

- Coa axuda do mapa político de Galicia, contesta as seguintes preguntas sobre a organización territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Cantas bisbarras ou comarcas hai na beiramar en Galicia? Sinala o nome de cinco.


2. Cantas bisbarras hai no interior? Sinala o nome de cinco.

3. Cantas comarcas hai fronteirizas con Portugal? Cales son?

4. Indica as comarcas da túa provincia.

5. Como se chama a bisbarra na que ti vives? A que provincia pertence a túa bisbarra?

6. Describe como son a súa paisaxe, o seu clima, as súas formas de vida e as súas tradicións.



Actividade 3: Traballamos con textos históricos. O inicio do Estatuto de Galicia.

Alumno/a: _____

- Analiza e comenta o seguinte texto histórico seguindo os pasos que tes a continuación:

1. Clasificación do texto (natureza, data, autor, breve contexto histórico, principais ideas).

2. Redacta unha presentación breve do Estatuto: finalidade, circunstancias históricas, precedentes...

3. Comentario (introdución, desenvolvemento, conclusión).

4. Valoración crítica e exposición de argumentos propios.

Actividade 4: que sabes de...?

Alumno/a: _____

- Busca no Estatuto de Autonomía de Galicia (que podes consultar na ligazón que hai ao final deste caderno) que son e para que serven as institucións de Galicia que establece o Estatuto:

INSTITUCIÓN	COMO SE ESCOLLEN OS SEUS MEMBROS?	CALES SON AS SÚAS FUNCÍONS
PARLAMENTO		
	<i>É escollido polo Parlamento entre os seus membros e é nomeado polo rei</i>	

Actividade 5: que dereitos e obrigas tes como cidadán ou cidadá?

Alumno/a: _____

- Escribe os dereitos e obrigas que tes como cidadán ou cidadá (podes usar o Estatuto como apoio) ao igual que o resto de galegos e galegas:

DEREITOS	OBRIGAS

Actividade 6: competencias de Galicia

- Completa o esquema indicando algunhas competencias que asume a nosa comunidade autónoma:

EXCLUSIVAS

SEGURIDADE PÚBLICA

COMPETENCIAS DA COMUNIDADE: EDUCACIÓN

COMPETENCIAS DA COMUNIDADE: SANIDADE

Actividade 7: traballo en equipo

- Dividídevos en varios equipos de traballo (entre 4 e 6 alumnos/as) para traballar sobre as seguintes cuestións. Debedes ampliar a información que hai neste caderno anexo mediante o uso das ligazóns web que propomos ou os que vós procuredes.
- Ao remate, deberedes facer unha pequena exposición para mostrar os resultados do traballo e así amosar a visión xeral do Estatuto de Autonomía de Galicia e as súas implicacións políticas e sociais na nosa contorna. Temas que se poden escoller/repartir:
 - » *Historia do Estatuto de Autonomía.*
 - » *O Valedor do Pobo ou a Valedora do Pobo. Funcións e actuacións.*
 - » *Balance das primeiras lexislaturas (1981-2002).*
 - » *Balance das últimas lexislaturas (2006-2020).*
 - » *O goberno actual (como se elixe o goberno galego, quen goberna arestora, papel da Xunta e do Parlamento etc.).*
 - » *Habitantes/votantes, símbolos, deputacións e órganos de goberno.*
 - » *As Consellerías da Xunta de Galicia. Funcións e responsabilidades.*

Clase: _____ Grupo: _____ Participantes: _____

TEMA _____

Actividade 8: repaso e autoavaliación. Riqueza e orzamentos

Alumno/a: _____

Contesta as seguintes preguntas sobre a repartición da riqueza e os orzamentos en Galicia e sobre os desequilibrios espaciais:

- Responde se é Verdadeiro ou Falso, e logo as seguintes preguntas:

	VERDADEIRO	FALSO
» Os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma elabóraos o Parlamento de Galicia.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
» A duración dos orzamentos é de seis meses.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
» Os orzamentos publícanse por lei só no Diario Oficial de Galicia.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
» A maior parte dos recursos económicos destínanse a vivenda, comercio e turismo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
» Os municipios obteñen os recursos necesarios soamente do Estado.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
» O control da execución do orzamento réalíao o Parlamento e o poder xudicial.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

- Para que precisa a Comunidade de Galicia recursos económicos?

- De onde proceden estes recursos?


- Que indicadores nos poden axudar a coñecer que comunidades están máis ou menos desenvolvidas economicamente? Este cadro axudate.

SECTORES	INDICADORES
AGRICULTURA	
GANDERÍA	
INDUSTRIA	
COMERCIO	
COMUNICACIÓNS	
TRANSPORTE	
TURISMO	

Actividade 9: Repaso e autoavaliación: repartición de competencias.

Alumno/a: _____

- Coa axuda desta ilustración, fai unha listaxe con catro competencias municipais, catro propias da C.A. e outras catro propias do Parlamento Europeo:



CONCLUSIÓNS

 Xacobeo 21·22 